



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

---

Traballo de fin de grao

# As transformacións urbanas en Galicia dende a chegada da democracia ata a crise Covid

María Isabel Arias Vázquez

Titor: Jesús Mirás Araujo

Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e  
Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

Curso académico 2021/22

---

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Economía e Empresa da  
Universidade da Coruña para a obtención do Grao en Administración de  
Empresas

# Resumo

Galicia sufriu numerosas transformacións nas cidades e vilas dende a chegada da democracia ata a actualidade. Con respecto ás cidades, nun primeiro momento estas viviron un gran auxe debido ao éxodo rural e ao retorno dos emigrantes. Sen embargo, posteriormente comezaron a perder poboación como consecuencia da crise económica, a fuxida dos habitantes a municipios veciños e o “inverno demográfico” que sofre a Comunidade. Coa entrada do novo século parecía que as urbes comezaban a recuperarse grazas á chegada de inmigrantes e ao medro do sector terciario. Porén, esta situación non se consegue reverter debido a que a poboación segue a estancarse. No caso das vilas, estas tamén comezaron a medrar debido ao crecemento económico, o papel dos emigrantes e o desenvolvemento das industrias de recursos locais. En cambio, parece que as proxeccións tanto das urbes como das vilas non son moi esperanzadoras debido a que existe unha moi baixa taxa de natalidade, a mortalidade está aumentando paulatinamente e cada vez hai un saldo vexetativo negativo máis acusado.

*Palabras clave:* Galicia, poboación, cidades, vilas, transformacións urbanas.

*Número de palabras:* 15.213

# Abstract

Galicia has undergone many transformations in the cities and towns since the advent of democracy up to now. Regarding the cities, at first, they experienced a great growth due to the rural exodus and the return of emigrants. However, later on they began to lose population as a result of the economic crisis, the movement of the inhabitants to neighboring municipalities and the 'demographic winter' that Galicia is suffering. In the beginning of the new century, the cities seemed to recover due to the flood of immigrants and the growth of the tertiary sector. Yet, this situation cannot be changed because the population is stagnant. The villages also began to grow due to economic growth, the role of immigrants, and the development of local resources industries. Nonetheless, the time-series projections of the cities and towns are not very encouraging due to the very low birth rate, mortality is gradually rising, and the natural increase is markedly negative.

*Keywords:* Galicia, population, cities, towns, urban transformations.

*Number of words:* 15.213

# Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>8</b>
<b>2. A cima da xerarquía urbana galega: as 7 “grandes” cidades.....</b>	<b>10</b>
2.1. A continuidade da tendencia tardofranquista. As cidades seguen a medrar, 1975-1991	
10	
2.1.1. O éxodo rural.....	10
2.1.2. Crise económica e retorno da emigración galega.....	11
2.1.3. O Estado de Autonomía e as súas consecuencias nas cidades galegas.....	12
2.1.4. A expansión das cidades de Galicia.....	12
2.2. Os efectos do “inverno” demográfico. Estancamento e perda progresiva da poboación, 1991-2001.....	15
2.2.1. O modelo demográfico post-moderno e as súas consecuencias en Galicia.....	15
2.2.2. Crise da base económica.....	17
2.2.3. Periurbanización.....	19
2.3. O canto do cisne. Recuperación e posterior estancamento da poboación urbana, 2001-2020	21
2.3.1. O principal factor impulsor do cambio de ciclo, a inmigración.....	21
2.3.2. As transformacións na base económica urbana: o medro do sector terciario...	22
2.3.3. Despoboamento e crise de grandes barrios das cidades.....	24
2.4. As transformacións espaciais. A concentración da poboación no Eixo Atlántico.....	26
<b>3. O segundo chanzo do sistema urbano galego. As vilas e cidades pequenas.....</b>	<b>30</b>
3.1. Evolución da súa participación no conxunto urbano.....	30
3.2. Os factores responsables das mudanzas: as industrias de recursos locais.....	34

<b>4. A contraposición de modelos distintos de éxito e fracaso. Márketing urbano fronte á crúa realidade histórica.....</b>	<b>39</b>
4.1. Cidades apoiadas economicamente polas institucións no márketing urbano.....	39
4.1.1. Santiago de Compostela.....	40
4.1.2. Ourense .....	41
4.2. Cidades apenas apoiadas economicamente polas institucións no márketing urbano	42
4.2.1. Pontevedra .....	42
4.2.2. A Coruña .....	43
4.2.3. Ferrol.....	44
4.2.4. Vigo .....	44
4.2.5. Lugo.....	45
<b>5. Proxeccións futuras da poboación urbana galega.....</b>	<b>47</b>
5.1. As proxeccións das cidades galegas.....	47
5.1.1. A natalidade.....	47
5.1.2. A mortalidade .....	49
5.1.3. O saldo vexetativo .....	50
5.2. As táboas de salvación.....	52
<b>6. Conclusións.....</b>	<b>54</b>
<b>Bibliografía.....</b>	<b>56</b>

# Índice de figuras

Figura 1 Mapa dos concellos de Galicia segundo a densidade da poboación en 2019 .....	27
Figura 2 Rendemento medio do IRPF do declarante nos concellos galegos (2019).... .....	28
Figura 3 Tipos de vilas de Galicia segundo a súa economía e o seu tamaño.....	32

# Índice de gráficas

Gráfica 1 Evolución da poboación das grandes cidades galegas (1970-1991).....	13
Gráfica 2 Evolución da esperanza de vida en Galicia (1990-2000).....	16
Gráfica 3 Evolución da taxa de paro en Galicia (1990-1995).....	18
Gráfica 4 Evolución da poboación inmigrante en Galicia (2001-2020).....	22
Gráfica 5 Proxeccións do número de nacementos en Galicia (2022-2034).....	48

# Índice de táboas

Táboa 1 Distribución da poboación activa galega por sectores produtivos, 1977 e 1989.....	10
Táboa 2 Investimentos de capital dos emigrantes galegos retornados en 1987...11	
Táboa 3 Nacementos, defuncións, saldo vexetativo en número de fillos por muller (1990-2001).....	16
Táboa 4 Poboación e crecemento dos principais municipios periurbanos das cidades galegas (1991-2001).....	20
Táboa 5 Estrutura do Valor Engadido Bruto de Galicia a prezos de mercado (2001 e 2020).....	23
Táboa 6 Persoal ao servizo da Administración Pública en Galicia (2002, 2010, 2020).....	24
Táboa 7 Incremento en altura do parque inmobiliario das vilas cabeceiras (1970, 1991).....	31
Táboa 8 Evolución do número de vivendas nas vilas cabeceira (1960, 1970, 1981, 1991).....	33
Táboa 9 Número medio de traballadores nas industrias das vilas galegas en 1991 .....	35
Táboa 10 Relación de establecementos industriais nas vilas galegas (1991).....	37
Táboa 11 Evolución do número de nacementos nas cidades galegas (2015-2020) .....	48
Táboa 12 Defuncións nas cidades galegas (2015-2020).....	49
Táboa 13 Proxeccións de defuncións e taxa bruta de mortalidade (2022-2034)..	50
Táboa 14 Proxeccións de saldo vexetativo en Galicia (2022-2034) .....	51



# 1. Introducción

En 1950, segundo o Censo de Poboación, o 80% da poboación galega vivía no medio rural e dela o 90% traballaba na agricultura (López Iglesias, 2019, p.76). Sen embargo, dende os anos sesenta prodúcese unha forte transformación nas vilas e cidades galegas que dura ata a actualidade (Rodríguez González, 1997, p.115). O proceso de urbanización supuxo importantes cambios socioeconómicos e demográficos, o que provocou un desequilibrio, tanto demográfico como social, en todo o territorio.

O presente traballo ten como obxectivo analizar as transformacións urbanas que se produciron en Galicia dende a democracia ata a actualidade, examinando os factores macro e micro que influíron nestes cambios e as proxeccións futuras da poboación e do asentamento no territorio.

Para levar a cabo a investigación, decidiuse non traballar só cunha fonte de datos. Primeiramente recorreuse a numerosas investigacións, tanto libros como artigos. Posteriormente utilizáronse organismos estatísticos nacionais (INE) e rexionais (IGE) para examinar a información cuantitativa.

En primeiro lugar, estudaranse os cambios producidos nas sete grandes cidades galegas dende a chegada da democracia ata a crise Covid. Para que fose máis sinxelo de analizar, establecéronse tres períodos temporais distintos que afectaron as urbes, así como as características das mesmas. Ademais, en cada período analizaranse as transformacións urbanísticas que se produciron en cada cidade e nas súas periferias. Ao final do epígrafe fálase do aumento da concentración da poboación galega nos últimos anos no Eixo Atlántico e as consecuencias que tivo este feito en todo o territorio.

En segundo lugar, avalíase o medro das vilas e cidades, debido tanto a factores macro como micro. Ademais, realizarase unha clasificación das mesmas atendendo ás actividades que realizan en cada unha. Tamén se fará fincapé na actividade téxtil, debido á súa importancia no desenvolvemento de moitas vilas galegas. Por último, analizarase o comercio e os servizos públicos (educación e sanidade) das cabeceiras comarcais, debido a súa gran importancia para o crecemento destas.

En terceiro lugar, abordaranse as técnicas de márketing levadas a cabo por cada cidade para ser máis atractiva. Para iso, realizarase a seguinte clasificación das urbes:

ciudades apoiadas economicamente polas institucións no márketing urbano e cidades apenas apoiadas economicamente polas institucións. Dentro desa clasificación analizarase cada unha das urbes galegas e as distintas estratexias levadas a cabo ao longo dos últimos anos para chegar a ser máis atractivas cara a cidadanía. Así mesmo, no apartado conclusivo do epígrafe estudarase se as medidas levadas a cabo conseguiron os resultados esperados, así como axudar a mellorar a imaxe das mesmas e atraer a máis turistas.

En cuarto lugar, analizaranse as proxeccións futuras da demografía galega, onde será necesario ter en conta a transición demográfica que experimentou a Comunidade. Así mesmo, valorarase a situación actual e futura da natalidade, mortalidade e o saldo vexetativo. No último apartado do capítulo, examínanse os factores causantes desta baixa natalidade e do saldo vexetativo negativo. Ademais, propoñeranse unha serie de solucións e medidas que poden ser tomadas para reverter a grave tendencia demográfica actual.

Finalmente, no apartado conclusivo realízase unha síntese do explicado anteriormente, así como unha reflexión ante a situación de Galicia nos próximos anos e as súas consecuencias.

## 2. A cima da xerarquía urbana galega: as 7 “grandes” cidades

### 2.1. A continuidade da tendencia tardofranquista. As cidades seguen a medrar, 1975-1991

#### 2.1.1. O éxodo rural

Coa chegada da democracia, en Galicia o éxodo rural que se rexistrara durante as décadas previas continuou en auxe, debido á industrialización e a terciarización do emprego. O sector primario comezou a reducirse considerablemente, así como a súa poboación activa (Ferrás, 1996).

O sector primario presentaba problemas antes da entrada de España na Comunidade Económica Europea (CEE) no ano 1986, que se manifestaban no descontento dos gandeiros a través de numerosas protestas como a folga do leite en marzo de 1978 para a demanda duns prezos agrarios xustos (Cabana e Lanero, 2020).

Así mesmo, coa entrada de España na CEE e a posterior aplicación da Política Agraria Común (PAC), a crise do sector non fixo máis que acentuarse (Táboa 1). O principal factor explicativo do forte dano en Galicia foi, entre outros moitos, a persistencia de fortes deficiencias estruturais no sector agrario, debido fundamentalmente á reducida superficie e á fragmentación parcelaria. Aos problemas anteriores hai que engadirlle que as explotacións eran moi reducidas e de baixa competitividade (López Iglesias, 2019).

*Táboa 1 Distribución da poboación activa galega por sectores produtivos, 1977 e 1989*

	1977	1989
<b>Primario</b>	46,9%	36,7%
<b>Secundario</b>	25,3%	23,7%
<b>Terciario</b>	27,6%	39,6%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Ferrás (1996, p.104)

Ao mesmo tempo, impúxose progresivamente a implantación das cotas lácteas, o que supoñía unha limitación á produción leiteira debido aos excedentes que existían entre os países membros. Como consecuencia, os gandeiros que querían aumentar a

súa produción premían ao abandono doutros gandeiros das súas propias explotacións (Quero, 1994).

A crise que estaba vivindo o rural, derivada dos factores anteriormente comentados, contribuíu a que as cidades aumentasen a súa poboación nesa época. A cidade galega máis beneficiada con todo este proceso foi Vigo, a pesar da crise industrial que afectou a toda a cidade. Desta maneira, Vigo afianzou o seu liderado en Galicia como principal centro de recepción de persoas procedentes das aldeas (González Pérez e López González, 2003).

### 2.1.2. Crise económica e retorno da emigración galega

A crise do petróleo en 1973 e a súa posterior recesión tivo repercusións na emigración galega, o que produciu a caída da demanda de emprego en Europa e o fin da emigración na nosa Comunidade (Alonso Álvarez, 2011). Como consecuencia, decídese suspender os permisos de entrada a estranxeiros en 1973 na Alemaña Federal e en 1974 en Bélxica e en Francia. Pola contra, Suíza comezou a conceder permisos de traballo temporais para evitar o asentamento permanente de estranxeiros. En cambio, os emigrantes galegos desprazados no seu día a Sudamérica comezaron a regresar á súa terra por mor do ascenso das ditaduras nalgúns países e polo impacto da crise económica global. As cifras de retornos son inexactas, debido a que a recollida de datos polas institucións non foi continua e varían dunhas a outras. Deste modo, o Instituto Nacional de Estadística no período 1985-1991 contabiliza un total de 18.590 retornados para Galicia, fronte ás 41.570 baixas nos consulados para as mesmas datas (Álvarez, 1996).

*Táboa 2 Investimentos de capital dos emigrantes galegos retornados en 1987*

<b>Actividade</b>	<b>Porcentaxe</b>
<b>Construción de vivendas</b>	37,7%
<b>Instalación de establecementos comerciais</b>	36,7%
<b>Explotacións primarias</b>	19,5%
<b>Actividades artesanais e pequenas industrias</b>	6,2%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Precedo e Doval (1987, p.528)

O emigrante galego retornado decidiu asentarse nos núcleos urbanos, principalmente polas maiores oportunidades de emprender un negocio ou rendibilizar un investimento, así como para facilitar a compra dunha vivenda. Seguindo os datos da

táboa 2, a maioría do capital dos retornados foi empregado na posta en marcha dunha actividade comercial ou de servizos (Rodríguez González, 1998).

### 2.1.3.O Estado de Autonomía e as súas consecuencias nas cidades galegas

Coa entrada e consolidación da democracia en España, as Comunidades Autónomas foron adquirindo progresivamente competencias. Polo tanto, comeza a aumentar o sector terciario a través do funcionariado como, por exemplo, a creación do Parlamento de Galicia na cidade de Santiago ou a posta en marcha do Tribunal Superior de Xustiza en A Coruña. Ademais, hai que ter en conta a creación do Servizo Galego de Saúde en 1989, que incrementou a construción de hospitais nas cidades galegas, atraendo así a numerosos funcionarios.

As capitais de provincia foron reorientando paulatinamente a súa economía cara un maior peso da Administración. Ademais, Vigo e A Coruña incorporaron a nova función universitaria, ao que se engadirían tamén os campos universitarios de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra (Precedo e Villarino, 1991).

Mención aparte merece a cidade de Santiago de Compostela, que foi testemuña dun incremento notorio da súa poboación, grazas á capitalidade que se lle outorgou e á expansión da Universidade, o que atraeu a moitísima poboación funcionaria que se asentou na cidade (Aldrey, 1999).


### 2.1.4.A expansión das cidades de Galicia

Nesta etapa experimentouse unha modificación na morfoloxía das cidades galegas, coa ampliación das mesmas e a construción de novos barrios (Gráfica 1). Sen embargo, en Ferrol debido á crise económica e á durísima reconversión industrial que se levou a cabo na maioría dos sectores produtivos, a poboación diminuíu progresivamente.

Polo que respecta á expansión físicas das cidades, podemos distinguir varios comportamentos diferenciados. Por una banda, en A Coruña o crecemento produciuse sobre todo nos principais puntos e vías de acceso á urbe. Determinados barrios da cidade que xa estaban construídos comezaron a expandirse, por exemplo, Os Castros ou o Barrio das Flores. A estrutura demográfica dos lugares anteriormente mencionados caracterízase polo predominio da xente nova e inmigrante, onde nos anos oitenta o 54,45% da poboación procedía de áreas rurais da propia provincia (Miralbés et al., 1984, p.68). Ademais, hai que destacar a construción de novos barrios a partir desa década,

por exemplo, o Ventorrillo, un sector de Labañou, Durmideiras e parte do Castrillón. Así mesmo, tamén se levou a cabo a construción da segunda fase do Polígono de Elviña, co obxectivo de ofrecer vivendas ben comunicadas co Polígono de Bens e o porto (Escudero e Piñeira, 1997).

Gráfica 1 Evolución da poboación das grandes cidades galegas (1970-1991)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE)

Con respecto a Ourense, no ensanche produciuse un incremento da poboación, como consecuencia da substitución dos edificios antigos por outros cunha maior altura. Ao mesmo tempo, no barrio de A Ponte e no Couto pode verse un aumento da poboación. Pola contra, no Casco Histórico e no Centro Urbano rexistrouse unha dinámica regresiva, onde a poboación maior de 60 anos roldaba o 30% no ano 1996 (Somoza, 1997). A partir de 1979 a política urbanística desta cidade tivo unha serie de obxectivos, como reducir o déficit dotacional, creando novos equipamentos, construíndo aparcamentos subterráneos, ampliando as escasas zonas verdes existentes (Parque de San Lázaro, Parque dos Remedios e a Alameda do Cruceiro), a mellora da estética da armazón urbana e a racionalización das infraestruturas e canalizacións. Para dotar á cidade dos novos edificios públicos empregouse o espazo de As Lagoas e a Finca Sevilla, onde se construíron numerosos edificios dedicados ao ensino (Somoza, 2003).

En Santiago de Compostela, continuouse coa construción masiva do Ensanche e os barrios próximos do casco histórico (Belvís, San Roque ou Basquiños), caracterizados por rúas demasiado estreitas e edificios demasiado altos con ausencia total de zonas verdes. Coa entrada dos anos oitenta, estes lugares comezaron a

revalorizarse como espazo atractivo para os servizos administrativos e usos residenciais para a clase estudantil. É o momento da aparición doutros novos barrios nas contornas de San Roque-San Caetano e Belvís-Concheiros-Avenida de Lugo, así como da expansión da cidade ata unirse fisicamente cos barrios periféricos (Conxo ou Castiñeiriño), como resultado dun crecemento lineal ao longo das estradas que comunican con eles (Aldrey, 1999).

En Vigo atopábase en vigor o Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) de 1971, que deu como resultado unha notable densificación do espazo residencial urbano e un agravamento dos problemas de dispersión do hábitat rural. No ano 1975 produciuse un cambio da Lei do Solo, que impuxo ás autoridades a redacción dun novo plan. Co cambio da normativa os construtores asumiron certas competencias urbanísticas, plasmadas na apertura por eles mesmos de novas rúas, práctica moi xeneralizada entre Gran Vía e Camelias. No ano 1988 aprobouse o novo PXOU, no que se distinguía a cidade central e os demais territorios. Neste modelo atribuíase unha forte expansión urbanística á cidade debido a que pensaban que Vigo tería en torno a 350.000 habitantes no ano 1993 (González Pérez e López González, 2003). Co paso do tempo, a urbe apenas creceu quedando este plan obsoleto.

En canto a Lugo, a pesar de presentar un forte crecemento na etapa de desenvolvemento, a finais dos setenta e principios da década seguinte produciuse unha retardación. Sen embargo, de novo a finais dos anos oitenta comezou a recuperarse e a poboación da cidade aumentou progresivamente.

En Pontevedra, co Plan Xeral do ano 1970 pretendeuse seguir co desenvolvemento da cidade e legalizar determinadas construcións edificadas á marxe do ordenamento, como as instalacións industriais próximas ao casco urbano. Sen embargo, este plan non foi aprobado e o crecemento urbano produciuse no polígono de Vivendas de Campolongo e San Antoniño, os barrios de casas baratas da Sequía e Salgueiriños e a urbanización de Monteporreiro (Armas et al., 2012).

En Ferrol, coa crise enerxética de 1973, iniciouse un proceso de inestabilidade e estancamento económico que tivo especial incidencia na industria naval. Por mor do descenso do tráfico marítimo mundial, experimentouse un brusco descenso na demanda dos buques. Ademais, Corea do Sur entrou nos mercados internacionais, ofertando produtos de calidade a prezos moi competitivos. Esta reorientación do sector afectou de maneira particular á zona de Ferrol, que se orientaba á produción de grandes petroleiros cara o mercado exterior. Estes centros produtivos pouco diversificados foron

os máis prexudicados, debido a que non se previron respostas alternativas a curto prazo, nin se fixo un plan de reconversión adecuado. As caídas dos niveis de actividade e a perda de emprego non afectaron exclusivamente aos estaleiros senón tamén ás empresas auxiliares. Entre xaneiro de 1980 e abril de 1983 rexistráronse en Ferrol 3.239 regulacións de emprego en 72 empresas, perdendo o seu posto de traballo un total de 796 persoas. Desta maneira, no ano 1983 na comarca de Ferrol había un 30% de paro (Doval, 1995).

## 2.2. Os efectos do “inverno” demográfico. Estancamento e perda progresiva da poboación, 1991-2001

A comezos dos anos oitenta, en España péchase a transición demográfica e comeza unha nova etapa propia da sociedade postindustrial e que está presente en Europa, o *inverno demográfico*.


A hibernación demográfica ou inverno demográfico caracterízase por un crecemento demográfico nulo ou negativo, o que provocará unha diminución da poboación e un aumento do envellecemento. As transformacións producidas na nosa demografía débense principalmente ao descenso da natalidade, unha baixa fecundidade, o descenso do número de matrimonios, o aumento da soltería feminina e o aumento da esperanza de vida. Ao longo do século XXI espérase que se siga esta tendencia, o que provocará un forte descenso demográfico e o envellecemento da poboación autóctona, que será contrarrestada polas correntes migratorias procedentes do norte de África (Bordonaro, 2009).

### 2.2.1. O modelo demográfico post-moderno e as súas consecuencias en Galicia

O intenso proceso migratorio que tivo lugar entre finais de 1950 e comezos de 1970 provocou consecuencias negativas na estrutura demográfica da nosa Comunidade. Desta maneira, comézase a albiscar a existencia dun problema demográfico durante os anos setenta que terá repercusións nas décadas posteriores, como o descenso da poboación en toda Galicia, incluídas as áreas urbanas que presentaban un crecemento positivo (Toxo, 2016).



Gráfica 2 Evolución da esperanza de vida en Galicia (1990-2000)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Os cambios demográficos máis significativos que se produciron foron o incremento de fluxos migratorios (Toxo, 2016), o aumento da esperanza de vida que se aprecia na Gráfica 2 (Almarcha et al., 2001) e o forte descenso da taxa de fecundidade (Fernández Leiceaga, 2000). Os factores que explican o descenso da fecundidade (Táboa 3) son a dificultade de conciliar a vida familiar e a laboral, o retraso da idade de ter fillos, dificultades ao acceso á vivenda e os cambios de valores na poboación relativos ao matrimonio, a familia e a maternidade. En resumo, non só se teñen menos fillos senón que tamén se teñen a idades máis avanzadas (De Miguel et al., 2011).

Táboa 3 Nacementos, defuncións, saldo vexetativo e número de fillos por muller (1990-2001)

Ano	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nº de fillos por muller
1990	22.501	27.979	-5.478	1,17
1991	21.927	27.696	-5.769	1,14
1992	21.633	27.016	-5.383	1,11
1993	21.284	27.248	-5.964	1,08
1994	19.683	27.542	-7.859	1,00
1995	18.799	28.484	-9.665	0,94
1996	18.597	28.864	-10.267	0,93
1997	18.538	28.137	-9.454	0,93
1998	18.784	28.085	-9.547	0,92
1999	19.418	29.293	-10.509	0,92
2000	19.418	28.858	-9.440	0,96
2001	19.361	28.300	-8.939	0,95

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE)

En conclusión, o modelo demográfico post-moderno fixo que aumentasen as defuncións en Galicia, mentres que os nacementos diminuíron ano a ano (Táboa 3). Isto fixo que o saldo vexetativo fose negativo na Comunidade, provocando unha diminución da poboación tanto no medio urbano como no rural.

### 2.2.2. Crise da base económica

A comezos da década de 1990 produciuse unha crise mundial que afectou primeiramente ás industrias esenciais das grandes economías e, posteriormente, estendeuse ao sector servizos (Chossudovsky, 1993). Os principais factores detrás desta recesión económica foron as políticas restritivas aplicadas para dominar o repunte inflacionista que se produciu en 1989. Ademais, hai que ter en conta que os bancos dos países occidentais encontrábanse con créditos incobrables debido a que caeron os prezos e se desincharon as “burbullas” especulativas nos mercados inmobiliarios e de capitais. Ante esta situación, a banca decidiu restrinxir a concesión de préstamos provocando a caída do consumo. Todo isto produciu unha incerteza por parte dos axentes económicos, que xa estaba agravada pola crise do sistema económico socialista nos países de Europa do Este (Delgado, 1991).


En España, a crise económica mundial retrasouse grazas a que entre os anos 1985-1991 realizouse un forte investimento público en construción (Exposición Universal de Sevilla e Xogos Olímpicos de Barcelona en 1992). Porén, as contas públicas quedaron moi minguadas tras ese investimento público, de xeito que no ano 1992 alcanzouse un déficit do 3,2% respecto ao PIB. Ademais, o número de persoas desempregadas comezou a aumentar rapidamente (Torrero, 2008).

Para atallar a crise económica o goberno veuse obrigado a realizar unha serie de devaluacións sucesivas da peseta, en setembro e decembro de 1992 e en maio de 1993, pasando o cambio de 65 a 79 pesetas por marco. Ademais, nese mesmo ano, ante o clima de recesión económica, levouse a cabo unha rebaixa dos tipos de interese para mellorar o consumo e o investimento, que se atopaban moi debilitados (Pelet, 2002).

A crise económica tamén tivo as súas consecuencias nas cidades galegas. En Ourense, na década seguinte a poboación ocupada na industria apenas sufriu modificacións no seu volume de ocupados. Desta maneira, no ano 1991 había 6.143 ocupados e no ano 1996 apenas baixou ata 5.595. Esta irregular evolución enmascara o fin do proceso de industrialización e o comezo dun novo modelo económico. O fracaso das industrias de tamaño medio-grande en Ourense, incapaces de competir no mercado

internacional polo seu escaso desenvolvemento tecnolóxico, supuxo numerosos expedientes de regulación de emprego e, en moitos casos, a desaparición das empresas (Gráfica 3). No lado positivo, produciuse unha substitución do factor traballo por un maior investimento en tecnoloxía, onde este proceso estivo acompañado da relocalización das naves nas periferias das cidades (Somoza, 2000).

Gráfica 3 Evolución da taxa de paro en Galicia (1990-1995)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

En Santiago de Compostela continuou a desenvolverse o sector terciario, sobre todo o relacionado coa Administración pública. Temos que ter en conta que é unha cidade que se caracteriza por ter un gran número de funcionarios debido á Universidade e á actividade sanitaria (Aldrey, 1999), así como o Parlamento de Galicia e as dependencias centrais da Xunta de Galicia.

En A Coruña hai que destacar a expansión da industria da moda a través de Inditex, que se sitúa en Arteixo, empresa que nos anos noventa contaba con tendas en España e en Portugal e estaba experimentando un crecemento exponencial debido aos seus deseños de roupa a baixo custo (Armas, 1990).

Lugo é o centro de relación de toda a provincia, polo que se caracteriza por unha forte terciarización en torno aos servizos administrativos e ao comercio. Dende principios dos noventa consolidouse o campus dependente da Universidade de Santiago de Compostela, cunha matrícula de cerca de 10.000 estudantes e cunha patente especialización agroforestal. Ademais, xerouse un tecido mercantil debido á súa área de influencia (Armas et al., 2012).

En Vigo, durante os noventa tivo lugar unha recuperación produtiva respecto ás dúas décadas anteriores, cun crecemento anual do VEB, en termos reais, do 4,5% entre 1993 e 1999. Durante esa década, a actividade exportadora da cidade foi notable, cun crecemento anual do 20%, sobre todo en automóviles, pesca e pedras ornamentais, base do seu sistema produtivo (Fernández-Jardón, 2011).

En Pontevedra sobresaí a función comercial. En 1990, cerca da capital constrúese a sede central de Froiz, funcionando coma o principal centro loxístico da empresa onde se albergan distintas naves. E, ademais, no 1998 fúndase na cidade a editorial Kalandraka, que se converterá nunha das editoriais máis importantes da Comunidade.

A cidade de Ferrol seguía sen recuperarse da dura reconversión industrial que afectou ao sector naval e aos sectores auxiliares. Ante a grave situación na que se encontraba a comarca, o goberno declarou a Zona de Urxente Reindustrialización (ZUR) (dende 1985 ata 1988), para realoxar aos traballadores en idade laboral e reorientar os sistemas produtivos cara a actividades rendibles. Os logros conseguidos pola ZUR foron mínimos e declarouse a Ferrol no ano 1988 como Zona Industrializada en Declive (ZID) durante 18 meses. Pretendeuse trasladar aos traballadores do sector naval en Astano e outras empresas como Bazán. Tamén se tiña en proxecto a creación de 400 postos de emprego indirecto na SIV (Sociedade Italiana de Vidro), pero non se levou a cabo polo crise que afectou ao grupo italiano encargado da instalación da SIV (Armas et al., 2012).

### 2.2.3. Periurbanización

A periurbanización pódese definir como o proceso no que a mancha metropolitana se expande de forma incesante, ocupando as áreas rurais que encontra ao seu paso, desbordando os límites urbanos definidos no momento anterior (Alonso Fernández, 2016).

Na nosa Comunidade Autónoma o proceso de periurbanización presenta os seus mellores exemplos nas contornas de A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, onde, unha vez pasados os límites municipais, encontrámonos con urbanizacións e polígonos (Ferrol e A Coruña) (Lois e Torres, 1995). A continuación, analizaremos a periurbanización nas cidades galegas que a presenten.

En primeiro lugar, en Vigo cabe diferenciar, dentro do propio municipio, un centro urbano consolidado e unha serie de parroquias periféricas de características rururbanas (Bembrive, Matamá, Cabral, etc.). Ademais, os municipios periféricos presentan unha

elevada densidade demográfica (Lois e Torres, 1995). Entre os factores máis relevantes que favoreceron o asentamento de persoas na periferia de Vigo cabe citar os seguintes: unha maior capacidade de endebedamento das familias para a adquisición dunha vivenda e de vehículo particular, o progresivo cambio cara os promotores inmobiliarios (que constitúen entidades máis profesionalizadas e fiables) e a posta a disposición por parte do sistema financeiro do capital necesario para a adquisición de vivendas (Alonso Fernández, 2016). Porén, a periurbanización na cidade provocou unha serie de inconvenientes como o inzamento dos prezos dos solos, unha notoria simbiotización das actividades primarias, e un agravamento da dispersión do hábitat debido á edificación itinerante e á deforestación (Souto, 1993-1994).

En A Coruña hai que ter en conta que o municipio está totalmente urbanizado e entón só se podía edificar na periferia. Polo tanto, unha vez traspasados os límites administrativos da cidade, encontrámonos con localizacións de polígonos, urbanizacións, edificios e vivendas unifamiliares (Lois e Torres, 1995). Ademais, hai que destacar que o custo da vivenda na cidade fixo que a poboación máis humilde se trasladase á periferia (Ferrás e Lois, 1993), provocando que a cidade perdese habitantes, mentres que a súa contorna aumentaba a poboación nos municipios de Arteixo, Oleiros (Táboa 4), Cambre (Táboa 4) ou Culleredo (Táboa 4) (Ferrás, 2011).

*Táboa 4 Poboación e crecemento dos principais municipios periurbanos das cidades galegas (1991-2001)*

Municipios	Poboación 1991	Poboación 2001	Taxa de crecemento (1991-2001)
<b>Ames</b>	10.011	17.737	43,56%
<b>Barbadás</b>	3.851	6.712	42,63%
<b>Cambre</b>	12.330	18.691	34,03%
<b>Culleredo</b>	14.651	22.076	33,63%
<b>Oroso</b>	3.779	5.512	31,44%
<b>Oleiros</b>	18.480	26.886	31,27%
<b>Sada</b>	8.935	11.351	21,28%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Otero e Gómez (2007, p.265)

En Ferrol é complicado acometer unha delimitación, debido a que algunhas parroquias do propio municipio combinan elementos urbanos e rurais, mentres que os territorios limítrofes (Fene ou Narón) semellan ser prolongacións naturais da propia urbe (Lois e Torres, 1995). Dende a dura reconversión industrial, na cidade de Ferrol a

poboación comezou a diminuír, pero nos anos noventa empezou a facelo tamén en Narón (Penas, 1998).

En quinto lugar, Pontevedra conta cun centro urbano de reducidas dimensións, rodeado dun amplo sector que engloba varias parroquias do propio municipio e unha serie de territorios máis próximos (en especial, Poio) (Lois e Torres, 1995).

Finalmente, cumpre deterse nos casos especiais de Santiago de Compostela e de Ourense, onde a periurbanización é menos acusada. Nestas cidades é un fenómeno onde numerosas familias novas decidiron irse vivir ás aforas como consecuencia da degradación das condicións de vida da cidade central, que en ambos casos víronse afectadas por procesos de especulación do solo (Lois e Torres, 1995). En Ourense, as áreas que corresponden á periurbanización atópanse no municipio de Barbadás (Táboa 4), onde o crecemento produciuse en A Valenzá. Tamén destaca o barrio de O Pino, que se acha na periferia pero dentro do municipio de Ourense (Somoza, 1997). Pola súa parte, na paisaxe das contornas de Santiago existen urbanizacións e núcleos satélite, así como espazos agrarios e de hábitat rural. A súa área periurbana está formada polo municipio de Ames (Ortoño e Biduído), Teo (Calo, Cacheiras e Oza) e Brión (Os Ánxeles) (Aldrey, 1999).


## 2.3.O canto do cisne. Recuperación e posterior estancamento da poboación urbana, 2001-2020

### 2.3.1.O principal factor impulsor do cambio de ciclo, a inmigración

A partir da entrada do novo século, Galicia cambia a súa imaxe tradicional de país emigrante e comeza a recibir inmigrantes (Gráfica 4). A maioría procede de países de Hispano América, pero tamén hai que ter en conta a chegada de continxentes procedentes de Marrocos ou Romanía (Romaní, 2015). O perfil do inmigrante caracterízase por estar en equilibrio nos dous sexos, predominando a chegada de unidades familiares, xa que a maioría están casados e posúen un nivel baixo de estudos (Hernández Borge, 2003) e adoitan asentarse nos municipios periurbanos das cidades (Ferrás, 2011). En cambio, con respecto ao resto de España o número de estranxeiros que chegan á Comunidade é moito menor, debido ao menor desenvolvemento económico da nosa rexión (González Pérez, 2008). Ademais, o número de inmigrantes diminuíu co estoupido en España da crise económica de 2008 (Aldrey e del Río, 2014).

Os efectos da inmigración na estrutura de idade da poboación son diversos, dependendo si son a curto, medio ou longo prazo. A curto e medio prazo, a inmigración ten un efecto rexuvenecedor e permite que as taxas de envellecemento descendan. Pero a longo prazo os efectos son moderados, pois os inmigrantes tamén envellecen. O efecto rexuvenecedor dependerá dunha importante chegada de inmigrantes novos, que sexa voluminosa e continua, e da fecundidade dos propios inmigrantes.

Gráfica 4 Evolución da poboación inmigrante en Galicia (2001-2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Con respecto á fecundidade, os inmigrantes procedentes do Terceiro Mundo son os que inciden en maior medida nela, por procederen de países con réximes demográficos con elevados niveles de fecundidade. Esta poboación trae consigo patróns de altas taxas de natalidade que repercuten na sociedade receptora, elevando a fecundidade total. Sen embargo, os patróns de reprodución das mulleres inmigrantes tenden a converxer cos das mulleres da sociedade receptora. Por iso, a capacidade da inmigración para contrarrestar a baixa fecundidade e os efectos na estrutura de idade redúcense a medida que aumenta a permanencia no país (León, 2005).

### 2.3.2. As transformacións na base económica urbana: o medro do sector terciario

O concepto de desindustrialización fai referencia á perda de peso da industria. Con excepción de Corea do Sur, a diminución da participación das manufacturas no PIB e no emprego é, dende a década de 1970, un trazo común na práctica totalidade dos países desenvolvidos. Os factores son o cambio estrutural, que reflicta o aumento da

produtividade relativa do sector, dando lugar a uns menores prezos, o comercio internacional e o aumento da competencia exterior que afecta á actividade do sector industrial, e outros factores, como a externalización crecente dos servizos e o proceso de terciarización que está experimentando o sector (Táboa 5) (Fariñas et al., 2015).

O sector terciario ou sector servizos pódese definir como o conxunto das actividades que non producen bens. Entre elas encóntranse a distribución, o transporte e comunicacións, as institucións financeiras, os servizos ás empresas e os servizos persoais e sociais. As características deste sector son as seguintes: baixa produtividade de traballo, baixa intensidade en capital, maior dispersión do tamaño das empresas, maior proporción de man de obra feminina e maior concentración de postos de traballo a tempo parcial (González et al., 1989).

*Táboa 5 Estructura do Valor Engadido Bruto de Galicia a prezos de mercado (2001 e 2020)*

<b>Valor Engadido Bruto</b>	<b>2001</b>	<b>2020</b>
<b>Agricultura, gandería, silvicultura e pesca</b>	6,2%	4,9%
<b>Industria</b>	16,9%	15,9%
<b>Construción</b>	10,1%	6,7%
<b>Servizos</b>	57,4%	64,1%
<b>Impostos netos sobre os produtos</b>	9,4%	8,4%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Un dos grandes acontecementos do sector terciario foi a implantación das Grandes Superficies Comerciais no territorio galego a finais dos anos oitenta, cando as súas estruturas comerciais presentaban un evidente retraso respecto ao resto de España. O primeiro en implantarse na nosa Comunidade foi na cidade de A Coruña, co centro comercial Catro Camiños (1987) (Escudero, 1997). Resumidamente, os principais trazos da actividade comercial tradicional eran o predominio do emprego de carácter familiar, unha reducida superficie media dos establecementos (menor, ademais, que a española) e un número de comerciantes polo miúdo moi elevado (Agulló, 1998).

As grandes cidades galegas experimentaron un auxe na construción e inauguración de Grandes Superficies Comerciais, por exemplo, o Centro Comercial Praza Elíptica en Vigo (2000), Centro Comercial Ponte Vella en Ourense (2001), Centro Comercial As Termas en Lugo (2005), Marineda City en A Coruña (2011), As Cancelas en Santiago de Compostela (2012) e o Centro Comercial Vialia Estación de Vigo (2021).



Táboa 6 Persoal ao servizo da Administración Pública en Galicia (2002, 2010, 2020)

Ano	Número de funcionarios/as
2002	141.759
2010	159.000
2020	149.157

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *Boletín Estadístico del personal al servicio de las Administraciones Públicas*

Dentro do persoal ao servizo das Administracións Públicas podemos encontrar as Forzas Armadas e Corpos de Seguridade do Estado, Administración de Xustiza, Persoal Docente e Sanitario. A Administración Pública forma parte do sector terciario, estando a maioría destes postos concentrados nas capitais de provincias e nas grandes cidades galegas. Na táboa 6 podemos ver como o número de funcionarios aumentou en dez anos en case 20.000 empregos. Sen embargo, nos anos seguintes produciuse unha redución.

### 2.3.3. Despoboamento e crise de grandes barrios das cidades

O auxe das grandes cidades alcanzou a súa máxima expresión nos anos sesenta e setenta. Porén, na actualidade, encamiñase cara unha situación definida polo crecemento demográfico moi baixo ou nulo. A poboación das catro provincias galegas tende a diminuír e os débiles balances migratorios positivos que presentan as cidades apenas son apoiados por un crecemento natural importante (Ferrás e Lois, 1993).

Os centros históricos das urbes ven como cada vez máis a súa poboación estase envellecendo e presenta unhas densidades máis baixas co resto da cidade. Este proceso débese principalmente a que os segmentos novos teñen preferencia por outras áreas suburbanas. Ademais, temos que engadirlle o desprazamento da poboación máis acomodada cara ao ensanche, co que este baleiro de vivendas tende a ser substituído por xente dun status inferior. O centro vaise deteriorando debido a existencia de vivendas baleiras e espazos obsoletos, contribuíndo a unha opinión máis negativa como consecuencia do proceso de degradación (Santamaría, 2013).

Así mesmo, a construción de barrios nas aforas das cidades e o incremento das vivendas nos municipios limítrofes das cidades provocou que os inmobles do centro das urbes quedasen abandonados e con escasa poboación. A Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia ten por obxecto a

rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas. Sen embargo, esta rehabilitación destas áreas fai que se produza unha *xentificación*, un concepto que pode definirse como o conxunto de transformacións urbanas a raíz das cales unha área urbana vólvese máis cara e con iso exclusiva. Polo tanto, os habitantes con menos recursos que adoitan vivir nestas zonas acaban sendo desprazados por outros cun maior poder adquisitivo (Piñeiro et al., 2019).

En Vigo existe o Consorcio do Casco Vello de Vigo, que foi creado no ano 2005 para atender as demandas dos veciños da cidade, que viñan reclamando un programa de rehabilitación e recuperación no casco histórico da cidade. En total, reconstruíronse case 100 vivendas en lugares coma as rúas Abeleira Menéndez, Santiago ou Ferrería. Actualmente, este proxecto segue en marcha coa construción de vivendas na Ribeira do Berbés. Para poder acceder a unha vivenda deste tipo é necesario inscribirse no Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida, onde se sorteará e adxudicará unha vivenda, tras a acreditación dunha serie de requisitos.

En A Coruña, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) pretende comprar edificios para rehabilitar na Pescadería -San Andrés, Orzán e Panadeiras- e na Cidade Vella –en torno ás prazas Santa Bárbara, Santo Domingo, Azcárraga e a Colexiata de Santa María do Campo-. En Ourense, o IGVS xa rehabilitou tres edificios que albergan un total de 10 vivendas, que están situados na rúa do Vilar, e que foron adquiridos polo concello e cedidos a este organismo para que os rehabilitase. A Xunta acaba de adquirir novos inmobles nas rúas Pelayo, Cervantes, Libertad e Manuel Sueiro. En Ferrol foi o municipio onde a Xunta adquiriu o maior número de inmobles dende a posta en marcha do programa Rexurbe, con un total de 19 edificios no casco histórico da cidade, como na rúa Carne Curuxeiras e na rúa Castro.

Santiago de Compostela non está dentro do programa Rexurbe. En cambio, existe unha Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan Especial de Protección e rehabilitación da cidade histórica do ano 2006, grazas ao cal se conceden subvencións para a rehabilitación e conservación dos inmobles do casco histórico.

No resto das cidades galegas, e co programa Rexurbe a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Xunta adquirirá inmobles en estado de abandono ou semiabandono nos cascos vellos das cidades para poder rehabilitalos.

## 2.4. As transformacións espaciais. A concentración da poboación no Eixo Atlántico

Ata finais do século XIX, Galicia era unha sociedade preindustrial, onde a maioría da poboación estaba ocupada no sector primario. No período 1895-1905 produciuse a formación do primeiro sector industrial, a conserveira, que mobilizou cantidades importantes de man de obra asalariada. Grazas a esta industria desenvolvéronse outros subsectores, como a construción de envases, reparación de accesorios, maquinaria e outros útiles de fabricación. Por outra parte, na mesma época puxéronse en marcha as liñas de ferrocarril de Vigo e A Coruña ao interior da Península. Este acontecemento fixo agromar a construción naval na ría de Vigo, onde a primeira en establecerse foi Barreras no ano 1892 (Carmona e García Lombardero, 1985).


Ao comezos do século XX, a industria conserveira e o naval seguían en auxe, convertendo a Vigo na capital industrial de Galicia. Co estalido da Guerra Civil, a nosa Comunidade pasou a dominio dos sublevados, o que a beneficiou como produtora de alimentos frescos e conservas. Ademais, a demanda de tabaco multiplicouse nos frontes entre un 60 e 70% e un 15 e 20% na poboación civil, onde a única fábrica de territorio alzado situábase en A Coruña. A industria tamén se beneficiou da guerra, pois as factorías de envases metálicas para conserveiras cambiaron a súa produción coa fabricación de granadas. Ao mesmo tempo, os estaleiros comezaron a producir bombas, depósitos de auga e combustible. Ademais, hai que ter en conta a instalación por parte do bando sublevado da Fábrica de Armas en A Coruña para ter armamento na fronte. Sen embargo, as oportunidades da guerra quedaron esvaecidas a partir de 1940. Na posguerra produciuse unha caída dramática do consumo, da renda e do investimento. Para compensala, o réxime impulsou a Lei de crédito naval (1940), creada para reparar as perdas da guerra soportadas polos armadores, ocasionando que se encargasen barcos para a renovación da flota pesqueira. Como consecuencia, creceron os estaleiros vigueses (Barreras e Vulcano) e xurdiu un novo en Ferrol (ASTANO) (Alonso Álvarez, 2011).

Durante os anos sesenta do século pasado o desenvolvemento económico en Galicia seguía sendo territorialmente desequilibrado. O proceso de industrialización foi moito maior nas provincias occidentais de A Coruña e Pontevedra (Ferrás, 1996). O aumento da poboación no Eixo Atlántico debeuse á explotación de recursos mariños e ao desenvolvemento dunha agricultura comercial moi intensiva que fixeron posible a consolidación dunha industria conserveira de certa importancia e a creación de

numerosos postos derivados do sector. Ademais, hai que engadirlle a atracción turística que teñen os municipios da costa, así como o auxe de determinados portos (Lois e Torres, 1995). Ademais dos factores económicos, habería que ter en conta o éxodo rural que se produciu entre 1960 a 1991 das zonas do interior de Galicia cara zonas do entorno das Rías e ao redor das cidades de Ferrol ou A Coruña (Rodríguez González, 1997).

Nos últimos tres decenios, ese despoboamento do interior xa non se debe só aos fluxos migratorios, senón ao saldo vexetativo. No relativo aos fluxos de saída, os resultados mostran que as maiores taxas de emigración bruta alcánzanse no intervalo de 25-34 anos e o sexo predominante é o feminino, debido ás limitadas oportunidades laborais e tamén ao impacto na poboación feminina dos deficientes servizos públicos (López Iglesias, 2019). Os factores anteriormente comentados fixeron que na actualidade as maiores densidades en Galicia se encontren no Eixo Atlántico.

*Figura 1 Mapa dos concellos de Galicia segundo a densidade da poboación en 2019*




Fonte: IGE

Así mesmo, este espazo, que engloba aproximadamente unha cuarta parte do territorio, concentra a maioría da poboación e das actividades produtivas de Galicia

(Figura 2) (o 80% do PIB), fronte ao resto do territorio case despoboado (Figura 1) e con índices moi baixos de economía produtiva (Aldrey e del Río, 2014).

Figura 2 Rendemento medio do IRPF do declarante nos concellos galegos (2019)



Fonte: IGE

Como consecuencia do aumento da poboación neste espazo, creouse a Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, onde no seu artigo 2.1 establece o seu ámbito territorial: «O ámbito territorial da Área Metropolitana de Vigo estará delimitado polos termos municipais dos concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo». O obxectivo da creación da área metropolitana é a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras, para garantir a súa prestación integral e adecuada no ámbito de todo o territorio, así como investir eficazmente os recursos públicos. Desta maneira, terase en conta a promoción do emprego e proxectos económicos na área, o transporte público de viaxeiros ou a ordenación territorial e a cooperación urbanística. No caso de A Coruña,

iniciáronse os trámites do proxecto da Lei da Área Metropolitana de A Coruña, que incluíría os concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada e A Coruña.

## 3. O segundo chanzo do sistema urbano galego. As vilas e cidades pequenas

### 3.1. Evolución da súa participación no conxunto urbano

O salto de aldeas grandes a cidades pequenas prodúcese a partir dos anos sesenta, coa conxunción dunha serie de factores que inciden no desenvolvemento e a crecente urbanización.

Con respecto aos factores de carácter “macro”, o estrangulamento ao que estaba sometida a economía nacional dende a posguerra polo illamento e a política autárquica rachouse coa posta en marcha do denominado *Plan de Estabilización* no ano 1959. A partir de aquí sucederon unha serie de circunstancias que supuxeron un forte crecemento económico, que derivou nun proceso de modernización da sociedade e da economía. Por exemplo, a implantación dentro dun sistema de intercambios de mercado de tipo capitalista, que supuxo a multiplicación das transaccións monetarias ou a apertura e a industrialización urbana nacional, que levou a moitas persoas do rural á emigración cara as vilas (Rodríguez González, 1999).

Tamén existen factores “micro”, como a localización de cada vila, o desenvolvemento agropecuario de cada comarca, a existencia ou non de procesos de industrialización endóxena e os niveis de investimento dos emigrantes. O desenvolvemento agropecuario e a captación de fluxos fixo que as vilas medrasen debido ao éxodo rural, o que xera que aumente á súa vez a demanda. A existencia desa demanda supón unha reacción da posible oferta que aumenta a produción para abastecer a poboación urbana. Isto atrae grupos empresariais, cambiando a produción do mundo agrario e introducindo maquinaria e produtos para incrementar a produtividade. Este cambio posibilita a consolidación das cabeceiras de comarcas como centros terciarios de abastecemento ás áreas rurais. En cambio, cos procesos de industrialización endóxena, algunhas vilas do interior presentan un sector produtivo industrial. O salto ven motivado por un entorno local favorable e a presenza de emprendedores (Rodríguez González, 1998).

Imos deternos cos emigrantes, debido a que foron un elemento favorecedor do desenvolvemento urbanístico das vilas. Nos últimos anos, os emigrantes xogaron un papel de promotores, construtores ou demandantes de vivendas. O emigrante intervén no proceso, ben como inversor no sector da construción (Táboa 7), ao ser unha actividade de baixo risco e elevada rendibilidade, ben como comprador dunha vivenda coa finalidade de pasar nela os días de vacacións e ocupala definitivamente trala súa volta (Rodríguez González, 1999).

Táboa 7 Incremento en altura do parque inmobiliario das vilas cabeceiras (1970, 1991)

Vilas	De 3 a 5 plantas		6 e máis plantas	
	1970	1991	1970	1991
<b>Ordes</b>	98	366	5	32
<b>Santa Comba</b>	15	278	-	1
<b>Chantada</b>	18	308	-	39
<b>Monforte</b>	202	1.172	13	111
<b>Sarria</b>	99	598	5	46
<b>Vilalba</b>	57	514	5	63
<b>O Carballiño</b>	139	520	12	83
<b>Xinzo</b>	27	431	1	11
<b>A Estrada</b>	62	447	3	68
<b>Lalín</b>	60	441	4	44

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Rodríguez González (1998, p.34)

Dentro das vilas, podemos facer unha clasificación en tres grupos (Figura 3):


As *vilas dos espazos de montaña* son aquelas entidades de caracteres urbanos que concentran actividades terciarias para abastecer aos habitantes das áreas montañosas. A nivel demográfico, estas vilas experimentaron un lixeiro reforzamento, cun incremento da poboación do 25% entre 1960 e 1991. Incremento que contrasta cunha acusada desolación que afecta ao seu espazo rural, que no mesmo período perdeu un 50% dos seus habitantes. Neste tipo podemos encontrar vilas como Becerreá, A Fonsagrada, Quiroga e Viana do Bolo (Rodríguez González, 1999).

As *vilas de espazos agrarios* son centros de ámbito supramunicipal, cunha finalidade orientada á subministración de demandas dos habitantes da súa comarca para cuestións relacionadas tanto co consumo directo como coa propia actividade agropecuaria. Neste grupo destacan vilas como Arzúa, Melide, Santa Comba, Monterroso, Celanova e A Cañiza (Rodríguez González, 1999).



As vilas nas que se combinan actividades terciarias (comercio e servizos) con outras de carácter produtivo e industrial. Están caracterizadas por un espectacular ritmo de crecemento demográfico, edificador e funcional. Estes núcleos gozan dunha localización estratéxica dentro de seu ámbito comarcal, debido a que son puntos de cruce dos eixos viarios intracomarcais. Isto favorece a atracción da poboación dos espazos próximos, sendo o punto de maior accesibilidade respecto á rede viaria rexional. Estas vilas experimentaron un proceso de industrialización endóxena, a partir da potenciación dun sistema local de pequenas e medianas empresas. Estes trazos detéctanse en vilas como Ordes, Sarria, Lalín, A Estrada e O Barco (Rodríguez González, 1997).

Figura 3 Tipos de vilas de Galicia segundo a súa economía e o seu tamaño



Tamaño y tipos de vilas del interior de Galicia.

Fonte: Rodríguez González (1997, p.126)

Os movementos migratorios rural-urbanos xa non se concentran nas principais cidades galegas, constatándose un crecemento moi significativo das vilas, das aldeas e de determinados asentamentos rurais próximos ás cidades (Táboa 8). O desenvolvemento do potencial endóxeno dunha industria puxante relacionada con recursos locais permite comprender o proceso de crecemento de asentamentos

cabeceira de comarca rural como Lalín en relación co téxtil, O Barco en relación coa industria da lousa, ou A Estrada en relación co moble. Pero a deslocalización residencial, con fluxos demográficos desde a aldea ou desde a cidade cara á vila cabeceira de comarca ou área suburbana próxima á cidade, convértese no movemento demográfico dominante no territorio (Rodríguez González, 1997).

*Táboa 8 Evolución do número de vivendas nas vilas cabeceira (1960, 1970, 1981, 1991)*

Vila	1960	1970	1981	1991
<b>A Estrada</b>	654	1.100	2.486	2.980
<b>A Pobra de Trives</b>	330	503	642	1.576
<b>A Rúa</b>	628	1.285	1.997	2.571
<b>Arzúa</b>	383	524	762	1.033
<b>As Pontes</b>	986	1.274	3.011	4.119
<b>Becerreá</b>	237	312	618	966
<b>Chantada</b>	701	690	1.563	2.163
<b>Melide</b>	773	765	1.207	2.177
<b>Monforte</b>	3.691	4.626	5.997	7.412
<b>Ordes</b>	388	696	1.647	2.128
<b>Santa Comba</b>	160	220	622	1.323
<b>Vilalba</b>	965	1.259	1.892	2.456
<b>Xinzo de Limia</b>	528	1.021	1.518	2.568

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Rodríguez González (1999, p.30)

As vilas e as pequenas cidades tamén foron protagonistas da desconcentración dos fluxos migratorios, que deixaron de concentrarse nas grandes cidades galegas neste período de fin de século. Entre os anos 1991 e 1995 podemos destacar a gran capacidade de atracción –superior a dez novos residentes por cada mil habitantes– dos municipios cabeceira de comarca rural, como Betanzos, Pontearreas, Laxe, Melide, O Carballiño, Verín, O Barco, Sarria, Ribadavia ou Xinzo da Limia. Esta tendencia de redistribución dos movementos migratorios cara a municipios rurais coincidiu cunha tendencia recesiva nas cidades de Santiago, de Ferrol e A Coruña, que no período 2001-2004 mostraban taxas migratorias recesivas (Rodríguez González, 1997).

Tamén destacan, aínda que en menor medida, os municipios da periferia inmediata das cidades –Ames e Arteixo–, xunto con vilas do interior –O Barco de Valdeorras, coa

súa puxante industria da lousa, ou Verín, coa súa industria agraria e téxtil-. O crecemento das vilas cabeceiras de comarca ou municipio débese ter moi presente neste proceso de cambio, xa que non debemos esquecer que as comunicacións actuais, coa extensión da rede de estradas e de autoestradas, permiten desprazamentos rápidos entre cidades, vilas e aldeas de Galicia (Ferrás, 2011).

### 3.2. Os factores responsables das mudanzas: as industrias de recursos locais

As razóns que xustifican o desenvolvemento das vilas débese a unha conxuntura económica nos anos sesenta e setenta de demanda alcista, na cal aqueles emprendedores que se aventuraron a dar un salto empresarial topáronse cun mercado capaz de absorber a súa produción. Desta maneira, tódalas actividades artesanais evolucionaron no tempo (Táboa 9 e 10), converténdose en funcións industriais de pequeno tamaño (Rodríguez González, 1998).

Polo tanto, seguindo a Rodríguez González (1994), procederemos a clasificar as vilas galegas segundo as súas actividades:

#### 1. Vilas vinculadas a **actividades agrícolas/gandeiras**:

- Vilas do modelo de comarca gandeira: especialización pecuaria en beneficio da produción láctea. As zonas onde a presenza destas actividades é predominante nas estruturas produtivas locais son os municipios de Santa Comba e Negreira e nas terras centrais de A Coruña. A aparición destas actividades complementarias e de aproveitamento lígase á iniciativa dos propios produtores mediante procesos asociativos e de formación de cooperativas como Feiraco, Lácteos Río Xallas ou Xalco.

- Vilas do modelo de aproveitamento da viña: comarcas como O Ribeiro e O Valdeorras, en lugares como Ribadavia, A Rúa e Valdeorras. Ao mesmo tempo, tamén se consolidaron funcións económicas paralelas. Así, Ribadavia especialízase na fabricación de ataúdes, mentres A Rúa beneficiase da centralización do control de produción e transporte da enerxía eléctrica do curso medio do río Sil e da crecente importancia que o sector da lousa adquire en toda a súa comarca.

#### 2. Vilas vinculadas a **actividades industriais**:

- Vilas do modelo mineiro: o municipio de As Pontes (municipio con importantes reservas de lignito) tras a implantación de Endesa experimentará un espectacular incremento demográfico e funcional, con novas actividades comerciais e de servizos orientadas a satisfacer as demandas e necesidades dos traballadores da mina e as súas familias. En O Barco e A Rúa a extracción e elaboración de lousa é a actividade principal.

### 3. Vilas do modelo **industrial diversificado**:

Sarria como Lalín, participan, ao seren núcleos centrais de comarcas agrarias, dos procesos de especialización propios das vilas do modelo gandeiro. Ademais, viviron outro tipo de procesos que lles permitiron consolidar unha base produtiva de carácter industrial baseada en recursos endóxeos. De entre eles, destacan factores tales como a accesibilidade respecto aos núcleos reitores do sistema urbano, a existencia dunha cultura empresarial que beneficie o investimento en capital e a posibilidade de contar con man de obra abundante. Toda esta gama de factores permitiron establecer vantaxes comparativas respecto a outras áreas produtivas e fomentar a consolidación dun número significativo de pequenas e medianas empresas. É o caso de Sarria, cunha empresa de cementos (Cosmo), a actividade vinculada á construción de mobles e a planta de envasado de augas minerais de Fontecelta. Lalín, pola súa parte, especializase no sector téxtil e na carpintería metálica.

*Táboa 9 Número medio de traballadores nas industrias das vilas galegas en 1991*

Industria	Número medio de traballadores
Enerxía e auga	140,3
Extracción minerais	9,4
Metal	2,5
Alimentarias	2,8
Téxtil e confección	8,2
Madeira e moble	2,8
Outros	2,6

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Rodríguez González (1998, p.28)

A continuación, explicaremos detalladamente a industria téxtil (Táboa 10), por estar moi vinculada ás nosas vilas e pola súa importancia no desenvolvemento destas. As características destas empresas son que deseñan as súas prendas, teñen marcas propias, operan en mercados exteriores e introducen todo tipo de innovacións. Todo isto

lévano a cabo a través da combinación entre trazos tradicionais asociados ao sector téxtil (man de obra feminina, baixos salarios asociados a un mundo rural...), xunto cunha constante modernización tecnolóxica e, sobre todo, de mecanismos de promoción. A estrutura empresarial destas empresas non é homoxénea, alternando organizacións de tamaño medio cuns niveis de facturación superiores a varios millóns de euros, con outras entidades máis modestas (Rodríguez e Alonso, 2005).

En Ordes a orixe da actividade téxtil comeza a finais dos 1950, na xastrería Viriato, que empezou a medrar. Xunto a esta empresa hai que mencionar o caso da empresa Graña, que actualmente está desaparecida. Durante os anos oitenta, a comarca pasou por uns momentos de crise debido a que empresa Viriato apostou por unha transformación directa da materia prima, que fixo que estivese a punto de quebrar. A finais da século pasado a compañía encontrábase nun período de consolidación e crecemento. Actualmente, Viriato foi adquirida no 2017 por poxa pola empresa Jealfer.

No caso de Boiro, a actividade téxtil está asociada á presenza de talleres e cooperativas, sobre todo da empresa Jealfer, fundada en 1954 para o abastecemento do mercado local. Esta logrou conseguir unha rápida expansión que a levou a converterse en Sociedade Anónima, grazas ao que nos anos 2000 logrou superar os 200 traballadores directos (Rodríguez e Alonso, 2005).

En Verín, a orixe da produción téxtil céntrase na figura de Roberto Verino. A actividade da súa empresa empezou a mediados dos sesenta, cando comezou a traballar na xastrería que acababa de comprar seu pai. A empresa foi medrando e agrupáronse ás mulleres do rural, co obxectivo de formalas e crear talleres que traballasen para el. Como os procesos de produción necesitaban cada vez máis cualificación, Verino conseguiu que se desenvolvesen os primeiros cursos de formación para este tipo de actividades, así como que se impartisen no centro de Formación Profesional de Verín cursos relacionados con esta actividade. Posteriormente, trasladouse ao Parque Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas (Ourense) (Rodríguez e Alonso, 2005).

Por último, o caso de Lalín, onde a orixe da súa actividade remóntase á década de 1960. Ata ese momento non se contaba con ningún tipo de experiencia industrial neste sector, xa que a fabricación de prendas de vestir estaba relacionada con artesáns, xastres e costureiras. Comezaron a orixinarse experiencias de modernización no sistema produtivo, que se consolidarán na década posterior, para asentarse de modo definitivo nos últimos anos do século XX (Rodríguez e Alonso, 2005).

Táboa 10 Relación de establecementos industriais nas vilas galegas (1991)

Industria	Empresas		Traballadores	
	Nº	%	Nº	%
<b>Energía e auga</b>	22	1,0	3.086	25,7
<b>Extracción e transformación minerais</b>	280	12,5	2.636	21,9
<b>Química</b>	56	2,5	249	2,1
<b>Produtos alimenticios</b>	743	33,2	1.823	15,2
<b>Téxtil e confección</b>	332	14,9	916	7,6
<b>Madeira e moble</b>	211	9,4	1.735	14,4
<b>Papel e artes gráficas</b>	581	26,0	1.630	13,6
<b>Outras industrias manufactureiras</b>	76	3,4	197	1,6
<b>Total</b>	2.235	100	12.020	100

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Rodríguez González (1998, p.28)

O comercio é un factor importante para o desenvolvemento das cabeceiras comarcais debido a súa gran influencia. Nas vilas do interior o comercio xoga un papel de relación co seu entorno, converténdose deste xeito nun elemento do medio rural que as envolve, pasando a tomar o papel de función básica. A demanda comercial nas vilas soe proceder tanto da poboación residente como de territorios máis ou menos próximos. As vilas contan cunha serie de servizos de rango comarcal (sanitarios, administrativos ou educativos) que favorecen un incremento das compras ocasionais (López González, 1998).

A distribución no plano dos servizos públicos é un elemento fundamental á hora de explicar os diferentes ritmos de desprazamentos dos individuos polo espazo interurbano, debido á súa frecuente utilización. Ademais, a súa localización contribúe ao parcelamento da estrutura urbana das vilas mediante a formación de sectores funcionalmente especializados. O terciario administrativo e de xestión pública tende a localizarse nas áreas centrais e máis accesibles das urbes para intentar transmitir unha sensación de dignidade institucional entre os cidadáns. Mentres, as dotacións e equipamentos de educación e sanidade presentan unha estratexia espacial inversa, situándose nas áreas periféricas dos núcleos, ao seren actividades que precisan grandes cantidades de superficie. Os servizos financeiros tamén son relevantes para as vilas, debido a que teñen unha maior presenza no conxunto das actividades cotiás dos individuos (Rodríguez González, 1999).

Con respecto ao ámbito sanitario, ademais das sete grandes cidades galegas, que contan con hospitais, existen outras cidades pequenas ou vilas que teñen centros sanitarios. Aínda que non son tan complexos si son bastante completos, debido a que a súa distancia coas urbes son maiores e necesitan satisfacer os servizos básicos dos habitantes. Entre elas podemos encontrar Burela, Cee, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras e Verín. En cambio, outras vilas e pequenas cidades presentan centros de saúde máis sinxelos que os anteriores, podendo incluír nesta categoría a Betanzos, Carballo, A Estrada e Lalín, que posúen centros de especialidades e servizo de urxencias. Nun nivel inferior, existe un número máis reducido de núcleos de poboación que, pola súa proximidade a núcleos urbanos de tamaño superior, terán unicamente centros de saúde básicos (Rodríguez González, 1999).

Dentro dos servizos públicos, cabe destacar os de corte xudicial ou tributario, que teñen unha presenza máis concentrada nos núcleos que son cabeceiras comarcais por mor a que son ao mesmo tempo cabeceiras de partido xudicial. No caso de oficinas do Servicio Público de Emprego Estatal ou de centros de atención do Instituto Nacional da Seguridade Social, a súa distribución repítese seguindo o mesmo patrón que os xulgados (Barreiro et al., 2019).

O desenvolvemento comarcal presenta unha serie de fortalezas, como a revalorización dos recursos derivados da dotación natural do territorio, o fomento da calidade e a competitividade dos produtos locais, o *know-how* local, o medio ambiente e a paisaxe como recurso e imaxe de marca. Ademais, debemos citar as iniciativas locais como motor de desenvolvemento e a difusión do uso das novas tecnoloxías entre artesáns e pequenos produtores (Precedo, 2004). Sen embargo, actualmente moitas empresas que conseguiron o crecemento das vilas están desaparecidas ou en risco, provocando que no futuro as vilas se convertan, eventualmente, en áreas de declive.

## 4. A contraposición de modelos distintos de éxito e fracaso. Márketing urbano fronte á crúa realidade histórica

O márketing de cidades defínese como unha política activa integrada por un conxunto de actividades orientadas, por unha parte, a identificar e determinar as necesidades dos seus diferentes públicos, reais e potenciais; e, por outra parte, a desenvolver unha serie de produtos e servizos na cidade para satisfacer esas necesidades, creando e potenciando a súa demanda (Sixto, 2010, p.215).

Como consecuencia da crise dos anos setenta do século pasado, o custo da enerxía, a localización de materias primas e o custo de man de obra convertéronse en factores de atracción para moitas actividades económicas que producían bens manufacturados, pero con tecnoloxía convencional. Polo tanto, iniciouse un traslado de determinadas ramas do sistema produtivo dende cidades do mundo desenvolvido a cidades de rexións en vías de desenvolvemento. Este acontecemento provocou unha crise nas cidades industriais que derivou nun aumento do desemprego, o peche de grandes empresas, a obsolescencia das fábricas e a saída da poboación (Precedo et al., 2010, p.39).

Mentres todo isto sucedía, aparecía unha nova economía do consumo, de ocio e de tempo libre que se instalaba nas cidades, as cales comezaron a terciarizar a súa base económica debido a que era a oportunidade para volver crecer. Foi entón cando se orixinou o concepto de márketing urbano, como resultado da aplicación do modelo de planificación estratéxica empresarial na planificación económica das cidades. Ademais, adoptáronse as técnicas de márketing empresarial para aplicalas ás cidades en crise, converténdoo nun produto que debe ser competitivo para alcanzar o éxito (Precedo e Escourido, 2017, p.39).

### 4.1. Cidades apoiadas economicamente polas institucións no márketing urbano



#### 4.1.1. Santiago de Compostela

A cidade de Santiago de Compostela foi sempre un dos grandes centros de turismo relixioso, principalmente naqueles anos que eran Ano Santo. Sen embargo, este tipo de turismo non xeraba unha oferta turística estable. Na década dos noventa déronse unhas circunstancias especiais que modificaron a situación anterior ao coincidir no tempo tres Anos Santos moi seguidos (1993, 1999 e 2004). Este cambio de tendencia no turismo tivo lugar grazas á contribución da Xunta de Galicia na posta en marcha dunha estratexia rexional innovadora baseada no significado europeísta do Camiño. Exemplos disto foron a declaración en 1985 de Patrimonio da Humanidade para Santiago e a designación en 1987 do Camiño como o Primeiro Itinerario Cultural Europeo (Precedo et al., 2007, p.209).

Así mesmo, en 1991, o presidente Fraga Iribarne promocionou o Camiño, amparado na idea de que constituía un novo sinal de identidade e europeísmo. Desta maneira, creouse nese mesmo ano a marca do Xacobeo, unha estratexia de márketing rexional. Decidiuse realizar unha acción promocional intensiva e promover a creación dunha rede de albergues, o que incentivou os investimentos hoteleiros na cidade. Seguindo a mesma liña, o concello levou a cabo o Plan Compostela 92-99 e creou o Consorcio da cidade (Precedo et al., 2007, p.209).

Outro dos efectos producidos pola nova atracción urbana foi a progresiva consolidación de Santiago como cidade de congresos, aproveitando así as sinerxías derivadas dos novos factores de promoción. De todos modos, ao ser un sector moi competitivo, a súa importancia varía moito entre uns anos e outros (por exemplo, no 2000 celebráronse un total de 422 eventos e no 2004, 251) (Precedo et al., 2007, p.224).

A prensa local ten apoiado as iniciativas oficiais para a promoción da cidade como capital cultural e patrimonial, onde a celebración das actividades culturais e de ocio ocupa un lugar privilexiado nos periódicos. Desta maneira, os medios de comunicación de masas elaboran unha imaxe parcial de Santiago baseada nas súas funcións urbanas máis estratéxicas e nun estereotipo de capital cultural e turística. Unha representación que se relaciona directamente co esforzo promocional que diferentes axentes urbanos realizan para colocar a Santiago nun lugar de preferencia na competencia urbana. De feito, esta cidade destaca entre as cidades galegas e españolas pola especial atención que as autoridades prestan na construción dunha imaxe de marca que sexa capaz de atraer (Escudero, 2013, p.275).

Outros dos recursos utilizados para promocionar a urbe son as redes *online*, onde se trata de impulsar, difundir e comunicar a imaxe publicitaria da cidade. Os vídeos de promoción turística difúndense a través da canle municipal de turismo, onde constantemente se fai referencia ao Camiño, as conchas de vieira e a peregrinación. (García Vázquez, 2014, p.140).

#### 4.1.2.Ourense

Ourense é atravesada polo Río Miño, nas ribeiras do cal manan numerosos mananciais, así como as “Burgas”, que son augas termais e mineiromedicinais que alcanzan os 67°C e están enclavadas no centro da cidade. A administración, coñecedora destes lugares, realizou un acondicionamento para que os turistas visitasen a cidade (Araújo e Fraiz, 2012).

Ademais, realizouse unha posta en marcha de páxinas *web* que poñen en valor varias pozas e onde se poden consultar as súas características. Tamén se observa que todos os hoteis-balnearios están adscritos ao programa de termalismo social e dispoñen de páxina *web* propia e, en xeral, é posible realizar as reservas *online*. É importante destacar que 3 dos 10 establecementos termais de Galicia posúen o distintivo “Q de Calidade Turística”, concedido polo Instituto de Calidade Turística de España (ICTE) (Río et al., 2014, p.161).

A principios do século XXI comézase a celebrar Termatalia, unha Feira Internacional que cada ano tiña lugar en Ourense e que é un referente para todo o sector. No ano 2012 púxose en marcha o Plan Ourense 92 de Xestión e Estratexia Operativa 2012-2015, un plan de fusión de accións e servizos entre concellos termais e anunciouse a redefinición de INORDE. Por vez primeira, nos orzamentos de 2013 incorporouse unha partida específica con denominación de “Termalismo”. O 15 de decembro de 2014 constituíuse o Consello Termal Ourensán coa misión de organizar todas as previsións do plan termal. Nese mesmo ano, presentouse o plan “Ourense, a Provincial Termal 2014-2020”, promovido pola Xunta e a Deputación Provincial, co obxectivo de poñer en valor turístico os recursos termais, e cun investimento de 94 millóns de euros (López Viso e Casado, 2019, p.4).

Os entes xestores públicos da cidade levan a cabo tamén unha promoción de Ourense a través do cine e da televisión. Para iso, concertaron e facilitaron o rodaxe de películas como *Los Girasoles Ciegos* (2008). Así mesmo, promocionouse a cidade, a través da serie *Hospital Central*, da cal se emitiron os capítulos os días 3 e 10 de outubro

de 2007. Ese mesmo mes incrementáronse as visitas á cidade en 1.599 individuos respecto ao mesmo mes do ano anterior (outubro de 2006), e aumentaron en 4.068 o número de noitadas, o que supón un incremento do 5,96% e do 7,78%. No caso de *Padre Casares* (televisión autonómica), o capítulo foi emitido o 1 de marzo de 2010. Ao comparar o número de visitantes e de noitadas do mes de marzo de 2010 respecto ao ano anterior, obsérvase un incremento de 1.855 visitantes (Araújo et al., 2012, p.435).

## 4.2. Cidades apenas apoiadas economicamente polas institucións no márketing urbano

### 4.2.1. Pontevedra

A cidade de Pontevedra ten en marcha unha serie de actuacións do Plan de Implementación da Estratexia DUSI do Concello, que contan co apoio financeiro da Unión Europea, ao ser elixida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado no marco do Programa Operativo Plurregional de España (POPE) 2014-2020. Algunhas das actuacións son as seguintes:

- Implantación dun modelo de transporte colectivo.
- Restauración paisaxística, medioambiental e patrimonial de lugares de interese turístico, cultural e ambiental.
- Fomento do comercio polo miúdo do conxunto histórico de Pontevedra.
- Plan de dinamización da Praza de Abastos co novo espazo lúdico-gastronómico.

En cambio, no que máis fai fincapé a cidade é no turismo, a través do Plan de Promoción e Comunicación do Turismo Rías Baixas, onde se busca reformular as accións de promoción do destino como consecuencia da crise da Covid-19. Para iso, fomentárase o turismo de proximidade, priorizando o mercado autonómico, nacional e de Portugal. Para conseguir estes obxectivos, levarase a cabo a organización de eventos en pequeno formato ou *online* e a promoción das festas de interese turístico.

Así mesmo, deseñaranse campañas publicitarias para desestacionalizar a demanda turística. Tamén se promoverá o desenvolvemento de obradoiros enfocados á comercialización da provincia como destino seguro e se potenciará a campaña das Rías Baixas “*Sigue tu instinto*”, que busca impulsar a diversificación dos recursos turísticos da provincia. Para a realización de campañas, o Servizo de Turismo das Rías

Baixas realizará unha combinación de medios que adoita distribuírse entre canles *online* e canles tradicionais.

Por último, lanzarase o proxecto Tourist Inside Rías Baixas, coa posta en marcha dunha Plataforma de Destino Turístico Intelixente (PDTI), que dote de intelixencia ao destino mellorando a experiencia do turista, e facilite a toma de decisións e a identificación de novas oportunidades. Tamén se levará a cabo a dixitalización das oficinas da Rede de Turismo Rías Baixas, coas últimas tecnoloxías do sector ao servizo dos turistas e a xeración de contidos dixitais de realidade virtual, visitas virtuais, audioguías e videoguías, relacionados con recursos turísticos.

#### 4.2.2.A Coruña

A cidade ten o único faro romano que hoxe en día segue en funcionamento, a Torre de Hércules, declarada no ano 2009 Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Así mesmo, a urbe conta cunha riqueza histórica e monumental destacable. No portal dedicado ao turismo de A Coruña proporciónase información acerca da historia da cidade, as súas principais festas e costumes, os aloxamentos e establecementos de restauración existentes e os monumentos e rutas dos que se poden desfrutar (Rodríguez e Abeal, 2016, p.382).

Dende finais do século pasado, A Coruña reconfigurou as súas directrices produtivas para potenciar o compoñente cultural como base das súas estratexias de crecemento económico apoiadas nos novos modelos de consumo cultural. O modelo produtivo dos anos noventa, fixado na actividade terciaria con vocación turística e empresarial, avanzou ata potenciar a dimensión cultural como elemento nuclear e como a imaxe-marca (Rodríguez Barcón et al., 2017, p.6).

Actualmente, na cidade séguense unha serie de estratexias:

- A Estratexia Integrada de Desenvolvemento Sostible, que é un proxecto ideado para definir o futuro da cidade de forma participativa dende una perspectiva que incorpora toda a reflexión estratéxica sectorial realizada na cidade nos últimos anos.
- Estratexia local fronte ao cambio climático.
- No turismo queren levarse a cabo unha serie de estratexias, como situalo como eixo estratéxico clave para o desenvolvemento sostible de A Coruña, organizar e dar máis variedade, calidade e profundidade á proposta turística actual e aumentar

a rendibilidade e aportación económica e social deste sector. Para conseguir estes obxectivos, realizaranse campañas de promoción en países que participan no Camiño Inglés, desenvolvemento dunha canle exclusiva no sitio *web* de Turismo de A Coruña e campaña de comunicación de A Coruña como destino de cruceiros no mercado británico.

- Estratexia Metropolitana da área de A Coruña, consistente en impulsar a creación de Área Metropolitana.

#### 4.2.3. Ferrol

Actualmente, o concello de Ferrol puxo en marcha o Plan Estratéxico Dieta Ártabra, co que busca converterse nun destino turístico referente en gastronomía sostible e saudable.

Para iso, lévanse a cabo distintas accións e actividades coas que se busca dar a coñecer a historia da dieta ártabra, fomentar a creatividade gastronómica, contribuír a unha alimentación saudable, potenciar a cociña tradicional, protexer a riqueza da ría de Ferrol e descubrir as súas xoias gastronómicas. Entre as accións máis inmediatas encóntrase o desenvolvemento dunha marca, implementar o plan e potenciar a formación no sector.

#### 4.2.4. Vigo

A cidade de Vigo acolle cada ano a miles de turistas chegados a través dos cruceiros. Ademais, a urbe intenta consolidarse como un referente do turismo da Comunidade, impulsando o turismo tradicional de vacacións e o turismo de congresos. No portal que se encarga de promocionar o turismo da cidade proporciónase información sobre a mesma, a súa axenda cultural, transporte, establecementos hoteleiros e de restauración establecidos na cidade e rutas que os turistas poden realizar na cidade. Todas as súas rutas caracterízanse por poder ser realizadas nun espazo de tempo curto. Este feito pode facer supoñer que Vigo é unha cidade de paso e non unha cidade na que os seus visitantes realizan estancias largas (Rodríguez e Abeal, 2016, p.383).

Mención aparte merece o Nadal, período no que o público obxectivo é a poboación en xeral, aínda que está orientada principalmente ao público infantil e familiar. O programa que realiza o Concello concrétase no deseño, desenvolvemento, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades: concursos, parques de ocio,

desfile da Cabalgata de Reis, obradoiros infantís, recepcións e todo tipo de actividades de carácter lúdico (Programa de Actuación da Festa de Nadal en Vigo 2021-2022).

No ano 2018, Abel Caballero anunciou case un millón de euros de investimento para as luces de Nadal da cidade. No 2021 esta cifra elevouse aos 1,3 millóns de euros, que inclúen o custo de máis de 11 millóns de luces LED que decorarán a cidade. O día do alumeado, o alcalde de Vigo utilizou expresións como «*los alcaldes de New York, Tokio y Londres me envidian*» e «*Welcome everybody here*». Con isto conseguiu unha enorme expectación a nivel nacional e nas redes sociais, que derivou nun aluvión de visitas a Vigo durante o Nadal. Actualmente, as luces de Vigo están no mapa de toda España e as axencias de viaxe xa a recomendan como punto de visita no Nadal (Alonso, 2021).

#### 4.2.5. Lugo

Lugo é unha antiga cidade romana, coñecida principalmente pola súa Muralla Romana e polas festas de *Arde Lucus* e San Froilán, sendo o sinal distintivo da cidade (Rodríguez e Abeal, 2016, p.384).

A difusión e non só a conservación convertéronse nun dos eixos principais da actuación na muralla nos últimos anos, conscientes de que non só é necesario preservar e conservar, senón tamén saber transmitir e comunicar o significado e valor do monumento. Con este obxectivo, ao mesmo tempo que se potencia o seu aproveitamento como recurso turístico, o Concello de Lugo ven realizando nos últimos anos unha serie de actividades e proxectos nos cales as TIC permitiron documentar e deseñar diversas aplicacións dixitais, co fin de facilitar ao visitante un maior coñecemento do principal monumento da cidade. A creación do “Centro de Interpretación da Muralla” no ano 2008, permitiu mostrar as características construtivas, a súa historia ou os seus múltiples usos (González Fernández, 2016, p.154).

En conclusión, todas as cidades galegas en maior ou menor medida empregan plans estratéxicos e as ferramentas de márketing para seren máis atractivas. Sen embargo, podemos observar que as que máis turistas atraen son aquelas urbes que na súa promoción turística están apoiadas polas entidades autonómicas e nacionais, por exemplo, Santiago de Compostela e Ourense. Tamén hai que destacar a cidade de Vigo, que grazas á publicidade sobre as luces do Nadal conseguiu atraer a atención de todos os medios de comunicación e as redes sociais facendo do boca a boca unha das

súas mellores armas. En cambio, as demais cidades, a pesar de empregar as ferramentas de márketing, non conseguen ser atractivas.

## 5. Proxeccións futuras da poboación urbana galega

A transición demográfica ou revolución demográfica consiste esencialmente no paso duns niveis de natalidade e fecundidade altos e sen control, a outros niveis baixos e controlados, a través dun período intermedio dentro do cal o descenso da mortalidade antecede ao da natalidade, xerando un crecemento rápido da poboación (Lopes, 1973, p.86).

En Galicia, a redución da mortalidade ordinaria iniciouse coincidindo co cambio do século XIX ao XX. Pero a diminución da fecundidade produciuse no segundo e terceiro decenio do século pasado, sendo máis evidente a partir da Guerra Civil. Sen embargo, na poboación galega fixéronse efectivos antes que na española os síntomas de envellecemento demográfico, notorios sobre todo a partir das décadas centrais do século XX (Hernández Borge, 2011, p.4).

No forte proceso de envellecemento demográfico de Galicia actuaron tres variables: o descenso da natalidade, a caída da mortalidade e a emigración, que foi especialmente intensa en boa parte do último século e cuarto, e que privou a Galicia de efectivos de poboación adulta nova e dos seus fillos nados no exterior, facendo crecer simultaneamente a proporción dos anciáns (Hernández Borge, 2006, p.146).

### 5.1. As proxeccións das cidades galegas

#### 5.1.1. A natalidade

A taxa de natalidade redúcese de maneira apreciable ao desenvolverse e modernizarse un país. Esta tendencia é debida á incorporación da muller ao mundo profesional fóra do fogar, a elevación do nivel de vida, a perda de moitos valores morais e hábitos tradicionais e a redución dos niveis da mortalidade infantil e xuvenil (Macarrón, 2012, p.61).

Cada ano o número de nacementos non para de diminuír en Galicia, onde no 2020 houbo un total 15.263 nacementos (IGE) fronte os 19.427 (IGE) que houbera no ano 2015. O número de fillos por muller no 2020 sitúase en 1,02 (INE) fronte ao 2015 que



había 1,10 (INE). Estes valores indícanos que están moi lonxe do nivel de substitución necesario para a poboación, que é de 2,1 fillos por muller.


Táboa 11 Evolución do número de nacementos nas cidades galegas (2015-2020)

Cidade	2015	2020
A Coruña	1.907	1.498
Vigo	2.228	1.770
Pontevedra	679	527
Ferrol	382	307
Santiago	860	628
Lugo	859	585
Ourense	824	621

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Seguindo o cadro anterior (Táboa 11), podemos observar que o número de nacementos nas grandes cidades galegas descendeu significativamente. Así mesmo, coas proxeccións do IGE espérase que esta tendencia continúe debido a que cada vez hai menos mulleres en idade fértil, o que fará que se teñan menos fillos en cada xeración (Gráfica 5). Deste xeito, agárdase que a taxa bruta de natalidade pase de 5,6 (IGE) no ano 2020 ao 5,2 (IGE) no 2034.

Gráfica 5 Proxeccións do número de nacementos en Galicia (2022-2034)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra parte, as proxeccións anteriores non teñen en conta o efecto sobre a natalidade da pandemia Covid-19. Os datos da enquisa sobre as intencións de fertilidade recompilados durante a etapa inicial da primeira ola de Covid-19 en Alemaña, Francia, España e Reino Unido, indican que o 73% dos que planeaban ter un fillo en 2020 decidiron retrasar ou abandonar os seus plans (Aassve et al., 2021). Haberá que esperar os efectos da pandemia no futuro, pero o máis probable é que nos próximos anos o número de nacementos sexa máis baixo do esperado.

### 5.1.2. A mortalidade

A taxa bruta de mortalidade en Galicia no 2019 foi de 11,52% (IGE) e a poboación maior de 65 anos en Galicia era de 685.962 persoas (INE) o que constitúe o 25,44% da poboación total galega. Tendo en conta que a pirámide poboacional galega é regresiva esperase que a poboación maior de 65 anos alcance os 831.960 persoas no ano 2035 (Statista, 2022).

En relación á poboación urbana, a longo prazo mantivéronse durante máis tempo unhas proporcións de anciáns relativamente débiles (pouco máis do 5% a mediados do século XX), non superando o 10% ata o ano 1981 (10,10%). Dende entón, xerouse un punto de inflexión, producíndose un incremento bastante acelerado, chegando a ter no ano 2001 un 17,63%. Hai que engadir que o maior incremento tivo lugar nas capitais das provincias orientais e en Ferrol (Hernández Borge, 2006, p.147).

*Táboa 12 Defuncións nas cidades galegas (2015-2020)*

Cidade	2015	2020
A Coruña	3.849	4.088
Ferrol	910	875
Santiago de Compostela	946	945
Lugo	1.066	1.053
Vigo	2.656	2.878
Ourense	1.225	1.322
Pontevedra	682	784

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Na Táboa 12 pódese observar que o número de defuncións nas cidades aumenta na maioría das urbes (excepto Ferrol, Santiago e Lugo), sendo máis pronunciado nas cidades de A Coruña e Vigo.

Táboa 13 Proxeccións de defuncións e taxa bruta de mortalidade (2022-2034)

Ano	Defuncións	Taxa bruta de mortalidade
2022	32.201	12,1
2023	32.345	12,2
2024	32.458	12,3
2025	32.552	12,4
2026	32.631	12,5
2027	32.704	12,6
2028	32.771	12,6
2029	32.846	12,7
2030	32.934	12,8
2031	33.031	12,9
2032	33.160	13,0
2033	33.305	13,1
2034	33.471	13,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

As proxeccións de mortalidade indican que o número de defuncións e a taxa bruta de mortalidade (Táboa 13) irán aumentando paulatinamente ano a ano debido a que cada vez haberá maior proporción de persoas maiores. Por outra parte, hai que esperar á incidencia da pandemia Covid-19 na mortalidade. No conxunto de España no ano 2020 houbo 60.358 falecementos por Covid-19 e outras 14.481 persoas morreron con sospeita de Covid-19. Ademais, os médicos certificaron 8.265 defuncións nas que o motivo da morte foi por outras causas, pero que a Covid-19 contribuíu ao falecemento de ditas persoas. Con respecto a Galicia, hai que indicar que no 2020 rexistrou 1.499 falecementos de Covid-19 confirmados e 83 falecementos de Covid-19 en sospeita (INE). Tendo en conta o anterior, as proxeccións mostradas no cadro poden cambiar dependendo da evolución que tome a pandemia na nosa Comunidade.

### 5.1.3. O saldo vexetativo

Unha explicación da perda demográfica é o saldo vexetativo negativo, que está á súa vez influenciado polo forte índice de envellecemento. Esta dinámica natural tan negativa explícase por unha natalidade moi reducida, non tanto por unhas pautas de fecundidade baixa como polo escaso peso que os grupos de idade potencialmente

fértiles teñen na estrutura demográfica da Comunidade. A isto hai que sumarlle unha mortalidade elevada propiciada por un importante número de persoas de avanzada idade (Aldrey e del Río, 2014, p.74).

Ademais, o peso demográfico de Galicia no conxunto de España non deixou de minguar: de constituír un 10,6% dos efectivos a principios do século XX, pasou a supoñer un 9,2% en 1950, un 6,9% nos 2000 e un 5,8% na actualidade, mantendo, sen embargo, unha densidade de poboación superior á media nacional (Pazo e Moragón, 2018, p.130).

Táboa 14 Proxeccións de saldo vexetativo en Galicia (2022-2034)

Ano	Saldo vexetativo
2022	-17.924
2023	-18.430
2024	-18.856
2025	-19.213
2026	-19.504
2027	-19.739
2028	-19.916
2029	-20.053
2030	-20.156
2031	-20.222
2032	-20.278
2033	-20.308
2034	-20.324

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel municipal o feito máis destacable desta primeira década do século XXI (2000-2010) é que case a totalidade do territorio galego rexistrou un crecemento vexetativo de signo negativo. Nese anos só 34 municipios tiveron un maior número de nacementos que de defuncións, sempre dentro duns valores bastante modestos, estando situados todos os casos na periferia de importantes centros urbanos: Cambre e Culleredo en torno á cidade de A Coruña, Oroso e Ames xunto a Santiago de Compostela, e a área metropolitana de Vigo e a periferia de Pontevedra. Dentro das áreas máis urbanizadas de Galicia hai que destacar que continúa rexistrándose na primeira década do século XXI un fenómeno iniciado a mediados dos anos setenta que é o movemento da poboación urbana a áreas residenciais de municipios periféricos,

cada vez máis beneficiadas pola mellora das comunicacións e os medios de transporte. Así explícase que non sexan as principais cidades as que vexan crecer o seu número de habitantes senón as súas periferias (Hernández Borge, 2011, p.10).

Sen embargo, no ano 2020, só cinco municipios galegos teñen saldo vexetativo positivo (IGE): Arteixo (2 persoas), Oroso (3 persoas), Ames (48 persoas), O Porriño (35 persoas) e Salceda de Caselas (14 persoas). Todas as cidades galegas presentan un saldo vexetativo negativo: A Coruña (-1.150 persoas), Ferrol (-568 persoas), Santiago de Compostela (-317 persoas), Vigo (-1.108 persoas), Lugo (-468 persoas) e Ourense (-701 persoas).

As proxeccións de saldo vexetativo (Táboa 14) indican que en Galicia o saldo seguirá sendo negativo e co paso dos anos irá aumentando paulatinamente. Tamén se espera que as grandes cidades galegas teñan saldo vexetativo negativo, debido a que en case todos os municipios da Comunidade é moi difícil que a situación se reverta.

## 5.2. As táboas de salvación

Vendo as tendencias actuais é moi difícil que a poboación galega creza. Desta situación derívanse numerosas consecuencias demográficas, sociais, psicolóxicas, políticas e económicas. É a estas últimas ás que se soe prestar máis atención (Hernández Borge, 2006, p.165).

As únicas solucións posibles a esta situación serán ter máis fillos e máis inmigración. Mentres a natalidade autóctona non aumente, debería facilitarse a chegada de inmigrantes, pero non pode ser a única solución debido a que atraelos e integralos entraña custos económicos e sociais. Por outra parte, como soen vir nas idades medias da vida, quédanse en España ata a súa xubilación o que podería incluso empeorar o problema das pensións dentro dunha xeración, aínda considerando que os fillos os teñan aquí. Ademais, entraña un problema coa inmigración debido a que se a nosa economía se estanca de forma estrutural, algo que contribúe á demografía minguante, isto provocaría que os estranxeiros nin sequera veñan ao noso país (Macarrón, 2012, p.71).

A única solución verdadeira e duradeira ao problema será ter máis fillos e telos antes. Para iso, será necesario reducir a diferenza entre o número de fillos que se desexan e os que finalmente se teñen. Esta diferenza entre fecundidade desexada e fecundidade alcanzada indica a existencia dunha serie de barreiras que a moitas persoas e parellas impídenlle facer realidade os seus proxectos. A *Encuesta de*

*Fecundidade* de 2018 revela que o 39% das mulleres de 45 a 55 anos sen descendencia desexarían ter un fillo ou varios (Martín et al., 2021, p.40).

Os principais obstáculos para ter máis fillos son os seguintes (Martín et al., 2021, pp. 41-43):

- O desemprego, a precariedade laboral e a incerteza sobre o futuro.
- O difícil equilibrio entre a vida laboral e familiar e insuficiencia apoio á crianza.
- A desigualdade de xénero na esfera familiar: as mulleres realizan máis do 75% do traballo doméstico.

Ante estas dificultades será necesario estimular a natalidade, onde a mellor vía é a concesión de axudas fiscais ou sociais. Algunhas das medidas a adoptar poderían ser as seguintes (Zárate, 2002, pp.12-21):

- Reducións fiscais: designan unha variedade de técnicas a través das cales se vai diminuír a contía do imposto a pagar, no caso do IRPF atendendo ao número de descendentes, e no caso do Imposto de Subvencións e Doazóns atendendo ao tipo do ben que se adquire por descendente, a idade e o grao de parentesco que o descendente ten co falecido.
- Subvencións sociais: son axudas, pagos directos que fai o Sector Público, aos suxeitos e que se soen instrumentar a través do sistema da Seguridade Social.
- Dentro das transferencias en especie estarían todas as medidas que permiten redirixir algunhas tarefas do coidado dos descendentes dende o fogar ás esferas públicas, as garderías e todos os servizos públicos que poidan facilitar a situación económica dos suxeitos que teñen fillos, como a vivenda, educación ou a sanidade. Ademais, tamén se poden conceder permisos laborais que permitan ao traballador destinar parte do seu tempo ao coidado dos fillos.

## 6. Conclusións

No período 1975-1991, o éxodo rural e o retorno da emigración de países europeos e americanos provocaron que as cidades vivisen un auxe tanto económico como demográfico. Sen embargo, a crise económica de principios da década de 1990 provocou que moita poboación fose a vivir á periferia das urbes, onde se encontraban con vivendas máis baratas e mellores condicións de vida. A isto hai que sumarlle o descenso da natalidade e o aumento das defuncións, o que agudizou a tendencia descendente da poboación das cidades galegas. Co cambio de século comezaron a avistarse signos de recuperación grazas á chegada de inmigrantes e ao medro do sector terciario. Porén, esta recuperación pronto comezou a estancarse e as cidades están a ver como os barrios tradicionais se baleiran e degradan.

Para reverter esta situación de crise que están vivindo, as urbes comezaron a implantar unha serie de técnicas de márketing que lles permitisen ser máis atractivas. Desa maneira, pretenden atraer a máis poboación para vivir nelas así como tamén aos turistas. Pola contra, existe unha gran diferenza entre o éxito das políticas levadas a cabo e iso débese principalmente ao desigual financiamento institucional.

Con respecto ás vilas, as razóns que xustifican o seu desenvolvemento débense a unha conxuntura económica nos anos sesenta e setenta de demanda alcista, na cal aqueles emprendedores que se aventuraron a dar un salto empresarial topáronse cun mercado capaz de absorber a súa produción. Hai que ter en conta, así mesmo, que o comercio e os servizos públicos beneficiáronas notablemente grazas a contaren, en xeral, cunhas grandes áreas de influencia.

Actualmente, o territorio galego estase a articular a partir do corredor Atlántico, que seguindo a disposición da autoestrada Ferrol-Tui une as principais cidades galegas, funcionando como un auténtico eixo de desenvolvemento industrial e urbano.

A situación futura da nosa Comunidade non é moi esperanzadora, tendo en conta que cada ano aumenta o seu saldo vexetativo negativo e non consegue atraer a cantidade necesaria de inmigrantes nin aumentar a natalidade. A situación agudízase nas áreas do interior debido a un índice de envellecemento moi elevado e ás escasas oportunidades da xente nova, provocando que se muden cara as cidades en busca de mellores condicións de vida. As urbes e vilas pequenas, a pesar de seguir aguantando

a situación algo mellor que o resto do territorio galego, ven que a súa poboación non se recupera e que segue estancada.

Polo tanto, se non se consegue revertir a situación, é moi probable que a maioría da poboación viva en torno ao Eixo Atlántico, xerando unha gran presión demográfica nestas zonas e deixando un gran baleiro no resto do territorio galego. As autoridades teñen que ser conscientes da situación actual e futura e intentar solucionar o problema debido a que pode ter moitas e moi negativas consecuencias económicas e sociais.



# Bibliografía

- Aassve, A., Cavalli, N., Mencarini, L., Plach, S., & Sanders, S. (2021). Early assessment of the relationship between the COVID-19 pandemic and births in high-income countries. *Proceedings of the National Academy of Sciences*, 118(36).
- Agulló Leal, F. L. (1998). Introducción al contexto socioeconómico de Galicia. En *Educación física e deporte no século XXI* (vol. 1, pp. 211-223). Universidade da Coruña.
- Aldrey Vázquez, J. A. (1999). *Análise da poboación na área urbana de Santiago de Compostela*. Consorcio de Santiago.
- Aldrey Vázquez, J. A., & del Río Franqueira, D. (2014). Crónica de un envejecimiento anunciado: Galicia 2015-2030. En A. López Gay (Coord.), *Cambio demográfico y socio territorial en un contexto de crisis: XIV Congreso Nacional de la Población* (pp. 69-82). Grupo de Población de la Asociación de Geógrafos Españoles.
- Almarcha, A., Cristóbal, P., Pascual, M., & Campello, L. (2001). Envejecimiento, natalidad y empleo: Cambios demográficos del nuevo milenio. *Cuadernos de trabajo social*, 14, 163-184.
- Alonso Álvarez, L. (2011). La economía de Galicia, una panorámica, c. 1750-2010. *Historia Contemporánea*, 42, 15-66.
- Alonso Fernández, A. (2016). El crecimiento, densificación y ordenación de la ciudad difusa en Galicia: desarrollo urbanístico del área urbana de la Ría de Vigo 1990-2010, Tesis doctoral, Universidad Politécnica de Madrid.
- Alonso, L. (2021). Abel Caballero: Un análisis marketero sobre el alcalde meme de las luces de Vigo. *Marketing 4 Ecommerce - Tu revista de marketing online para e-commerce*.
- Álvarez Silvar, G. (1996). La migración de retorno en Galicia (1970-1995). Tesis doctoral, Universidad Complutense de Madrid.
- Araújo Vila, N., & Fraiz Brea, J. A. (2012). Los establecimientos termales como atractivo turístico del siglo XXI y dinamizadores del desarrollo local. *TURyDES. Revista de Investigación en Turismo y Desarrollo Local*, 5(12).
- Araújo Vila, N., Fraiz Brea, J. A., & Fraiz García, A. (2012). Imagen y promoción de destinos termales a través de su emplazamiento en series audiovisuales. El caso de Ourense (España), capital termal. *Turismo e Sociedade*, 5(2), 423-442.

- Armas Diéguez, P. (1990). Pautas de industrialización periférica: Un exemplo regional, Galicia. *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, 10, 63-84.
- Armas Quintá, F. J., Miramontes Carballeda, A., & Royé, D. (Coords.) (2012). *Las ciudades y el sistema urbano. Reflexiones en tiempos de crisis*. Meubook.
- Barreiro Quintáns, D., López Rodríguez, R., & Lois González, R. C. (2019). Las villas gallegas: Concepto y realidad. *Ería: Revista cuatrimestral de geografía*, 39(3), 331-352.
- Bordonaro Bermejo, M. J. (2009). *El fenómeno de la inmigración: Consecuencias económicas e implicaciones de política económica*. ESIC Editorial.
- Cabana Iglesia, A., & Lanero Táboas, D. (2020). Cuando la protesta rural ocupa el asfalto: La “folga do leite” en Galicia (1978). *Investigaciones Históricas. Época Moderna y Contemporánea*, 40, 143-174.
- Carmona Badía, X., & García Lombardero, X. (1985). De la crisis del Antiguo Régimen a la formación de los primeros sectores industriales. Dos puntos de inflexión en la historia contemporánea de Galicia. En *Crisis, autonomías y desarrollo regional. Actas del IX Reunión de Estudios Regionales* (tomo I, pp. 433-452). Universidade de Santiago de Compostela.
- Chossudovsky, M. (1993). Los corrosivos fermentos de la recesión mundial. *Ecuador Debate*, 29, 57-64.
- Concello de A Coruña. (s.f.). Plan de actuacións 2017-2020. [https://www.turismocoruna.com/media/documentos/PET\\_A\\_CORUNA\\_DEF\\_FasellI\\_17\\_06\\_20.pdf](https://www.turismocoruna.com/media/documentos/PET_A_CORUNA_DEF_FasellI_17_06_20.pdf).
- Concello de Pontevedra (s.f.). Programación Plan de Implementación. <https://maismodelo.pontevedra.gal/plan-de-implementacion/?lang=es>.
- Concello de Vigo. (s.f.). Programa de actuación da Festa de Nadal 2021-2022 [https://hoxe.vigo.org/pdf/comercio/programa\\_nadal\\_2021\\_22.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/comercio/programa_nadal_2021_22.pdf).
- Delgado Fernández, F. L. (1991). La crisis de los noventa. Documentos de trabajo de la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales, 9.
- Deputación de Pontevedra. (2020). Plan de Reactivación Turismo Rías Baixas. <https://www.depo.gal/documents/675401/10387482/PlanReactivacionTRB.pdf/d51609af-4869-4cb5-a2cb-70f4264d42de>.
- Doval Adán, A. (1995). *El sistema económico urbano*. Fundación Caixa Galicia.
- Escudero Gómez, L. A. (1997). Los Centros comerciales de A Coruña, nuevos lugares de ocio y de compra. *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, 45, 137-152.

- Escudero Gómez, L. A. (2013). La imagen urbana de Santiago de Compostela (España), un estudio de su representación pública, mediática, promocional y artística. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 62, 265-294.
- Escudero Gómez, L. A., & Piñeira Mantiñan, M. J. (1997). Estructura urbana da cidade da Coruña, os barrios residenciais: O espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria. Documentos de Trabajo. Xeografía, 2.
- Fariñas García, J. C., Martín Marcos, A., & Velázquez Angona, F. J. (2015). La desindustrialización de España en el contexto europeo. *Papeles de Economía Española*, 144, 42-55.
- Fernández Leiceaga, X. (2000). Os escenarios demográficos de Galiza e as súas implicacións económicas. *Revista Galega de Economía*, 9(1), 133-152.
- Fernández-Jardón, C. M. (2011). Innovación empresarial y territorio: Una aplicación a Vigo y su área de influencia. *EURE: revista latinoamericana de estudios urbano regionales*, 112, 115-139.
- Ferrás Sexto, C. (1996). Movements migratorios, cambio socio-económico e desenvolvemento rexional en Galicia. *Estudios Migratorios*, 2, 85-121.
- Ferrás Sexto, C. (2011). Da aldea ao suburbio. Cambios demográficos e territoriais en Galicia, 1990-... *Revista Galega de Economía*, 20(Extra 2), 11-30.
- Ferrás Sexto, C., & Lois González, R. C. (1993). Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago ¿un área urbana en proceso de formación? *Papeles de Geografía*, 19, 115-124.
- García Vázquez, Y. (2014). La ciudad como espectáculo: marketing territorial, Internet y economía cultural en Santiago de Compostela: ¿éxito o fracaso?, Tesis doctoral, Universidade de Santiago de Compostela.
- González Fernández, E. (2016). Lugo: visión global de una muralla. *Simposium Internacional de Murallas*.
- González Moreno, M., del Río Gómez, C., & Domínguez Martínez, J. M. (1989). Los servicios: Concepto, clasificación y problemas de medición. *Ekonomiaz: Revista vasca de economía*, 13-14, 10-19.
- González Pérez, J. M. (2008). La aparición reciente del fenómeno inmigratorio extranjero en Galicia: características e impronta espacial. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 48, 247-275.
- González Pérez, J. M., & López González, A. (2003). La dinámica demográfica y el planteamiento urbano en Vigo desde 1960: impacto del proceso de industrialización desarrollista. *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, 23, 163-185.

- Hernández Borge, J. (2003). La inmigración exterior en Galicia. *Papeles de Geografía*, 37, 155-164.
- Hernández Borge, J. (2006). Vejez y territorio en Galicia. *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, 18, pp. 143-166.
- Hernández Borge, J. (2011). Despoblación y envejecimiento: Galicia hacia el año 2020, *Revista Galega de Economía*, 20, 1-20.
- IGE (2021). *Contas económicas trimestrais Revisión estatística 2019. Oferta, demanda e rendas*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2021). *Densidade de poboación*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2021). *Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2021). *Número medio de fillos por muller*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2021). Rendemento medio do IRPF por declarante nos concellos galegos. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2022). *Nacementos segundo a idade da nai e sexo do nacido. Galicia e provincias. Serie 1996-2020*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2022). *Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, comarcas, provincias e concellos. Serie 1975-2020*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2022). *Proxeccións de poboación a curto prazo. 2020-2035. Variables demográficas proxectadas. España, Galicia e provincias*. Instituto Galego de Estatística.
- INE (2021). *Defunciones según la Causa de Muerte. Año 2020*. [https://www.ine.es/prensa/edcm\\_2020.pdf](https://www.ine.es/prensa/edcm_2020.pdf).
- INE (2021). *Esperanza de vida al nacimiento por comunidad autónoma*. Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2021). *Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional a 1 de enero*. Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2021). *Población extranjera por Nacionalidad, comunidades, sexo y año*. Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2021). *Tasas de paro por distintos grupos de edad, sexo y comunidad autónoma*. Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2022). *Indicador Coyuntural de Fecundidad por Comunidad Autónoma, según orden de nacimiento y nacionalidad de la madre*. Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2022). *Población por comunidades, edad, españoles/extranjeros, sexo y año*. Instituto Nacional de Estadística.

- León Salas, B. (2005). La contribución demográfica de la inmigración: El caso de España. *Política y cultura*, 23, 121-143.
- Ley 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación y de regeneración y renovación urbanas de Galicia. (2019) Boletín Oficial del Estado, 126, sec. I, de 27 de mayo de 2019, 56008 a 56062.
- Ley 4/2012, de 12 de abril, del Área Metropolitana de Vigo (2012). Boletín Oficial del Estado, 111, de 23 de mayo de 2012.
- Lois González, R., & Torres Luna, M.P. (1995). Las periferias urbanas de Galicia. *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, 15, 435-444.
- López González, A. (1998). O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia. Documentos de Trabajo. Xeografía, 5.
- López Iglesias, E. (2019). Realidade actual e retos futuros do medio rural en Galicia. En J. S. Montes Pérez et al., *Pasado, presente e futuro do mundo rural. Feiraco, un modelo cooperativo de 50 anos* (pp. 75-106). Galaxia.
- López Viso, M. & Casado-Neira, D. (2019). Proyectos y políticas de la puesta en valor del patrimonio natural y cultural en las villas termales de la provincia de Ourense. En E. Barreiro Alonso et al. (Eds.), *Libro de actas III Simposio Internacional de Termalismo y Calidad de Vida STCV-2019* (pp. 99-104). Universidade de Vigo.
- Macarrón Larumbe, A. (2012). El declive demográfico: Estado de la cuestión, implicaciones y soluciones. *Dendra médica. Revista de humanidades*, 11, 59-76.
- Martín Castro, T., et al. (2021). ¿Cómo mejorar la natalidad en España? *Mediterráneo económico*, 34, 29-51.
- De Miguel Palacios, C., Montero Muñoz, M., & Simón Fernández, X. (2011). Efectos socioeconómicos do actual proceso demográfico en Galicia. *Revista Galega de Economía*, 20(Extra 2), 31-52.
- Miralbés Bedera, M. R., Villarino Pérez, M., & Rodríguez Martínez-Conde, R. (1984), Los procesos demográficos en la dinámica intraurbana de la ciudad de La Coruña. *Geographicalia*, (21-24), 43-76.
- Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (2006). Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 22 de maio de 2006.
- Otero Enríquez, R., & Gómez Rodríguez, S. (2007). La desconcentración urbana en el sistema territorial de Galicia: Un enfoque conceptual y empírico. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 44, 259-277.

- Pazo Labrador, A. J., & Moragón Arias, M. P. (2018). El despoblamiento en Galicia: La visualización de la “catástrofe”. *Ager: Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural = Journal of depopulation and rural development studies*, 24, 123-154.
- Pelet Redón, C. (2002). Los últimos cuarenta años de la peseta: De Bretton Woods a la Unión Monetaria. *Acciones e investigaciónes sociales*, 15, 265-282.
- Penas Murias, M<sup>a</sup>. V. (1988). Construcción y planificación urbanística en el municipio de Narón (La Coruña). En R. Villares Paz (Coord.), *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia* (pp. 297-321), Tórculo-Universidade de Santiago de Compostela.
- Piñeiro Antelo, Á., López, L., & Pazos Otón, M. (2019). Gentrificación y overtourism en destinos urbanos. El caso del Barrio de San Pedro en Santiago de Compostela (Galicia, España). En J. A. Márquez Domínguez y J. Llamas Chávez (Dirs.), *Hélices y anclas para el desarrollo local* (pp. 1231-1240), Universidad de Cartagena-Universidad de Huelva.
- Precedo Ledo, A. (2004). El modelo de desarrollo comarcal. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 38, 29-46.
- Precedo Ledo, A. J., & Doval Adán, A. (1987). *El retorno de los emigrantes, las iniciativas locales y la innovación rural en Galicia*. Universidad de Santiago de Compostela.
- Precedo Ledo, A., & Escourido Calvo, M. (2017). *Marketing de ciudades y territorios: Una visión renovada*. *Dextra*.
- Precedo Ledo, A., Orosa González, J. J., & Míguez Iglesias, A. (2010). De la planificación estratégica al marketing urbano: Hacia la ciudad inmaterial. *EURE: revista latinoamericana de estudios urbano regionales*, 36(108), 5-27.
- Precedo Ledo, A., Revilla Bonín, A., & Míguez Iglesias, A. (2007). El turismo cultural como factor estratégico de desarrollo: El Camino de Santiago. *Estudios Geográficos*, 68(262), 205-234.
- Precedo Ledo, A., & Villarino Pérez, M. (1991). Desindustrialización y reestructuración de los sistemas urbanos regionales en el norte de España. *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, 7(31), 97-108.
- Quero, M. C. (1994). Adaptación del sector lechero al régimen de cuotas. *Revista de Estudios Agrosociales*, 168, 157-176.
- Río Rama, M. C., Álvarez García, J., Araújo Vila, N., Fraiz Brea, J. A., Rodríguez Campo, M. L., Rodríguez-De la Fuente, M., & Rodríguez Toubes, D. (2014). O turismo termal na provincia de Ourense e a súa vinculación ao turismo experiencial. En M. Lameiras Fernández, X. A. Vila Sobrino, & A. Vaquero García (Dirs.), *Proxectos INOU 2012. Investigación aplicada na provincia de Ourense* (pp. 149-172), Universidade de Vigo.

- Rodríguez Barcón, A., Calo, E., & Otero-Enríquez, R. (2017). Producción cultural y turistificación: La construcción de la ciudad creativa en A Coruña. *En ACTAS ICONO14 – V Congreso Internacional de Ciudades Creativas*.
- Rodríguez Carro, C., & Abeal Vázquez, J. P. (2016). El itinerario cultural urbano como producto turístico. El caso de Galicia. *International Journal of Scientific Management Tourism*, 2(2), 373-396.
- Rodríguez González, R. (1994). El desarrollo de las villas y pequeñas ciudades en los espacios periféricos agrarios: El caso gallego. *Geographicalia*, 31, 177-196.
- Rodríguez González, R. (1997). Villa y comarca funcional en Galicia. *Investigaciones Geográficas*, 18, 115-130.
- Rodríguez González, R. (1998). As vilas e a organización do espacio en Galicia, Documentos de Trabajo IDEGA. *Xeografía*, nº 4.
- Rodríguez González, R. (1999). *De aldeas a cidades: urbanismo e xeografía das vilas galegas*. Ir Indo.
- Rodríguez González, R., & Alonso Logroño, M. P. (2005). Territorio en mutación: La industria textil-confección como factor de desarrollo local en Galicia. *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, 25, 137-162.
- Romaní de Gabriel, M. (2015). La integración sociolaboral de los inmigrantes en Galicia. Tesis doctoral, Universidade da Coruña.
- Santamaría Camallonga, J. (2013). Centros históricos: Análisis y perspectivas desde la Geografía. *GeoGraphos. Revista Digital para Estudiantes de Geografía y Ciencias Sociales*, 4.
- Sixto García, J. (2010). Marketing para ciudades: Las ciudades también se venden, las ciudades también son productos. *Pensar la Publicidad. Revista Internacional de Investigaciones Publicitarias*, 4(1), 211-226.
- Somoza Medina, J. (1997). Población y estructura urbana en la ciudad de Ourense. *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, 6, 119-140.
- Somoza Medina, J. (2000). Dinámica industrial de Ourense en el siglo XX. *Polígonos: Revista de geografía*, 10, 117-136.
- Somoza Medina, J. (2003). Urbanismo y crecimiento actual en Ourense. *Ería: Revista cuatrimestral de geografía*, 60, 105-116.
- Souto González, X. M. (1993-1994). A política territorial en Galicia: entre a expansión urbán e a percepción rural. O caso do espacio periurbano de Vigo. *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, 2-3, 199-224.

- Statista (2022). *Previsión de la población mayor de 65 años residente en la comunidad autónoma de Galicia de 2020 a 2035*. Statista
- Torrero Mañas, A. (2008). La crisis real y financiera de la economía española. *Cuadernos de Información económica*, 207, 17-20.
- Toxo Asorei, R. (2016). Existe un «problema demográfico» en Galicia? *AGALI journal: journal of social sciences and humanities*, 6(6), 9-23.
- Zárate Marco, A. (2002). Un estudio de las ayudas directas a la natalidad como instrumento para incentivar la fecundidad y luchar contra la despoblación. Documentos de Trabajo (*Centro de Estudios sobre la Despoblación y Desarrollo de Areas Rurales*), 2, 1-79.